

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 4 de febreiro de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catro de febreiro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(98).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 2/2109, 1/2187, 1/2180.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-propostas da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Alvarez Vázquez. Expte. 1/1218.
- D<sup>a</sup>. Argentina Vidal Vidal. Expte. 1/2187.
- D. José García González. Expte. 2/2109.

## **2(99).- BASES DO XLIV CONCURSO-EXPOSICIÓN DA CAMELIA. EXPTE. 10711/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión de programación, do 30.01.08, conformado polo xefe do departamento de Cultura e polo concelleiro delegado de Cultura, a Xunta de Goberno local acorda:

Que se aproben as bases, que de seguido se transcriben, e os anexos que se achegan no expediente correspondentes ao XLIV Concurso-Exposición da Camelia, que se celebrará os días 1 e 2 de marzo de 2008 nas instalacións do Consorcio da Zona Franca de Vigo, no peirao de Bouzas.

1. *O Concello de Vigo organiza o XLIV CONCURSO-EXPOSICIÓN DA CAMELIA, que terá lugar os días 1 e 2 de marzo de 2008, nas instalacións do Consorcio da Zona Franca de Vigo (Peirao de Bouzas).*
  2. *Poderán concorrer todas as persoas interesadas na camelia, profesionais o afeccionados, nacionais ou estranxeiros, persoas físicas ou xurídicas, sempre que realicen a súa inscrición segundo o previsto nas presentes bases.*
  3. *Poderán presentarse flores pertencentes a calquera especie e variedade de Camelia, así como calquera híbrido destas.*
  4. *Establécense os seguintes premios:*
    - a) *PREMIO CAMELIA DE OURO: ao/á concursante que presente o conxunto de variedades máis destacado en canto a número e calidade das flores. A quen se lle outorgue este premio, non poderá optar a ningún dos demais premios previstos nestas bases. O/A gañador/a deste premio será invitado a formar parte do xurado do concurso do ano seguinte, no que as súas flores terán un lugar destacado e en cuxo caso non poderá participar como concursante.*
    - b) *PREMIO ESPECIAL ANTONIO ODRIOZOLA: se outorgará á flor individual máis destacada de todas as que optaran a este premio e que se exporán nunha mesa separada. Cada concursante poderá presentar un máximo de cinco variedades, representada cada unha delas por unha única flor. Será requisito imprescindible que estean perfectamente identificadas co nome da especie e o da variedade á que pertencen.*
    - c) *Primeiro, segundo e terceiro premios aos mellores lotes de cada unha das modalidades seguintes:*
      - *Camelia reticulata de calquera cor ou variegación.*
      - *Híbridos de camelia.*
    - d) *Primeiro e segundo premios aos mellores lotes de cada unha das modalidades seguintes:*
      - *Camelia japónica branca.*
      - *Camelia japónica rosada ou doutras cores*
      - *Camelia japónica vermella.*
      - *Camelia japónica xaspeada ou variegada.*
      - *Outras especies de Camelia.*

*Os lotes que participen en calquera das modalidades indicadas nos apartados c e d deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen. Estarán formados por un mínimo de tres flores e un máximo de nove, agás o caso das camelias pertencentes a outras especies, que se poderán expoñer sen limitación de número. En caso de empate entre varios lotes o xurado manifestarase a favor daquel que teña as flores máis homoxéneas.*

*Cada flor presentarse co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes.*

  - e) *Primeiro e segundo premios á mellor presentación artística. Valorarase como tal o conxunto de flores e plantas de camelia acompañados ou non doutros obxectos e elementos decorativos que, a xuízo do xurado, se distinguen pola súa colocación artística. Os conxuntos que opten ao premio da mellor presentación artística participarán unicamente nesta categoría. A organización proveerá dunha tarxeta para que se distinguen claramente, co rótulo de “presentación artística”.*
  - f) *Premio especial da Sociedade Española da Camelia ao/á concursante máis destacado/a entre os que participen por primeira vez no certame de Vigo, con independencia de que se presentase en calquera das outras dúas sedes do concurso.*
5. *Co obxecto de que os premios sexan distribuídos entre un maior número de concursantes, un/unha mesmo/a concursante non poderá obter máis de dous premios.*
6. *Co obxecto de facilitar que aqueles/as cultivadores/as que non desexen participar no concurso poidan*

de calquera modo amosar as súas flores, a organización habilitará unha mesa especial para eles. Neste caso serán válidas todas as observacións indicadas nas presentes bases, agás as relativas ao concurso propiamente dito e aos seus premios.

7. As inscricións no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, desde o día seguinte á aprobación das presentes bases na Xunta de Goberno Local até as 13,30 horas do día 22 de febreiro de 2008, nun impreso que se facilitará para este fin. Nesta inscrición deberá especificarse a modalidade ou modalidades na que se concursa e a superficie que se precisará para a súa exposición. A superficie concedida a cada concursante quedará condicionada á orde de inscrición e, en todo caso, ás dimensións da sala de exposición.
8. Os/as concursantes presentarán os seus lotes de flores na sala de exposicións entre as 9 e as 13 horas do sábado 1 de marzo e poderán retiralos de 21 a 23 horas do domingo 2 de marzo.
9. A exposición inaugurarase o sábado 1 de marzo ás 18,30 horas coa lectura do dictame do xurado do concurso, agás cambio decidido pola organización. A entrega de premios terá lugar o domingo 2 de marzo ás 12 horas.
10. O xurado estará composto polos seguintes membros:  
Presidente/a: O concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural ou persoa na que delegue.  
Secretario/a: Un/unha técnico/a da Área de Cultura e Animación Sociocultural.  
Vogais:  
 - Un representante do Concello de Vigo.  
 - Un representante do Concello de Vilagarcía de Arousa.  
 - Un representante do Concello de Pontevedra.  
 - Un representante designado pola Asociación Española da Camelia.  
 - O gañador da Camelia de Ouro da edición anterior.  
 - Dúas persoas de recoñecido prestixio vencelladas á camelia e que serán designadas polo Concello de Vigo.
11. O xurado poderá declarar desertos algún/s dos premios establecidos nas bases e poderán conceder mencións especiais por outros conceptos distintos aos sinalados. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a do xurado.
12. Polo simple feito de solicitaren a inscrición, os participantes declaran coñecer e aceptan integramente as bases do concurso e sométense ás decisións da organización e do xurado.
13. O/a presidente/a do xurado queda facultado/a para interpretar as bases e resolver calquera incidencia que ao longo do proceso de convocatoria e resolución do concurso puidese producirse.

### **3(100).- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO IMD, PARA O ANO 2008. EXPTE. 7640/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 28.01.08, asinado polo director do IMD e o secretario da Xunta Rectora do IMD, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a seguinte “Relación de Postos de Traballo” (RPT), do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo (IMD), para o exercicio 2008.

<u>DENOMINACION</u>	<u>DOT</u>	<u>RL</u>	<u>GR</u>	SUB-GRUPO	CD	CE
DIRECTOR DEPORTIVO-XEFE UNID. TEC.DEP	1	INDEF.	A	A1	26	11
DIRECTOR TECNICO	1	INDEF.	A	A1	26	11
COORDENADOR DEPORTIVO	1	INDEF.	A	A1	26	11
TECNICO DEPORTIVO	1	INDEF.	B	A2	25	17 <i>1vacante</i>

ADMINISTRATIVO	3	INDEF.	C	C1	18	56 <i>1vacante</i>
XEFE MANTEMENTO INSTALACION	1	INDEF.	D	C2	18	91
ADXUNTO COORDENADOR	1	INDEF.	D	C2	18	92
XEFE UNIDADE MANTEMENTO E TALLER	1	INDEF.	D	C2	18	91
CONSERXE RESPONSABLE INSTALACION	3	INDEF.	D	C2	16	90
OFICIAL DE MANTEMENTO A	6	INDEF.	D	C2	15	156
OFICIAL DE MANTEMENTO B	3	INDEF.	D	C2	15	56 <i>1vacante</i>
OFICIAL DE INSTALCIÓN A	6	INDEF.	D	C2	15	156
OFICIAL DE INSTALACIÓN B	9	INDEF.	D	C2	15	53 <i>1vacante</i>
AUXILIAR ADMINITRATIVO A	1	INDEF.	D	C2	15	166
AUXILIAR ADMINISTRATIVO B	1	INDEF.	D	C2	15	856

<u>DENOMINACION</u>	<u>DOT</u>	<u>RL</u>	<u>GR</u>	SUB-GRUPO	CD	CE
AXUDANTE DE MANTEMENTO A	3	INDEF.	E	----	14	158
AXUDANTE DE MANTEMENTO B	11	INDEF.	E	----	14	53
LIMPIADORA	1	INDEF.	E	----	12	855

**4(101).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 15.353,50 € A FAVOR DE EULEN SA CIF A28517308, POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO.EXPTE. 1017/550.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.01.08, e de acordo co informe-proposta do vocal do Tribunal Económico-Administrativo e interventor do Mercado do Progreso, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de EULEN SA (C.I.F. A28517308), na contía de 15.353,50 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2008, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor EULEN SA (C.I.F. A28517308), polo importe de 15.353,50 €, correspondentes ás facturas seguintes:

Nº FACTURA	DATA FACTURA	FACT.BASE	FACT. IVE	FACT.TOTAL
		13.235,80 €	2.117,70 €	15.353,50 €
1923431	31/03/2007	1.323,58 €	211,77 €	1.535,35 €
1933406	30/04/2007	1.323,58 €	211,77 €	1.535,35 €
1963430	31/07/2007	1.323,58 €	211,77 €	1.535,35 €
1953282	30/06/2007	1.323,58 €	211,77 €	1.535,35 €
1943426	31/05/2007	1.323,58 €	211,77 €	1.535,35 €
1972934	31/08/2007	1.323,58 €	211,77 €	1.535,35 €
1980619	30/09/2007	1.323,58 €	211,77 €	1.535,35 €
1992280	31/10/2007	1.323,58 €	211,77 €	1.535,35 €
2002452	30/11/2007	1.323,58 €	211,77 €	1.535,35 €
2011658	14/12/2007	1.323,58 €	211,77 €	1.535,35 €

3º.- Ordenar o pago a favor de EULEN SA (C.I.F. A28517308) polo devandito importe de 15.353,50 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 “Deudas Mercado Progreso e Gastos Previsibles” do orzamento vixente.

**5(102).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 147.299,34 € A FAVOR DE LIMPIEZAS CIES SL CIF B36631935, POLOS SERVICIOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE. 1019/550**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.01.08, e de acordo co informe-proposta do vocal do Tribunal Económico-Administrativo e interventor do Mercado do Progreso, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de LIMPIEZAS CIES SL (C.I.F. B36631935), na contía de 147.299,34 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2008, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor LIMPIEZAS CIES SL (C.I.F. B36631935), polo importe de 147.299,34 €, correspondentes ás facturas seguintes:

Nº FACTURA	DATA FACTURA	FACT.BASE	FACT. IVE	FACT.TOTAL
		126.982,20 €	20.317,14 €	147.299,34 €
06-000563	18/04/2006	3.018,54 €	482,97 €	3.501,51 €
06-000473	03/05/2006	5.813,34 €	930,13 €	6.743,47 €
06-000922	01/06/2006	5.813,34 €	930,13 €	6.743,47 €
06-001117	03/07/2006	5.813,34 €	930,13 €	6.743,47 €
06-001326	01/08/2006	5.813,34 €	930,13 €	6.743,47 €
06-001530	01/09/2006	5.813,34 €	930,13 €	6.743,47 €
06-001743	03/10/2006	5.813,34 €	930,13 €	6.743,47 €
06-001954	02/11/2006	5.813,34 €	930,13 €	6.743,47 €
06-002166	30/11/2006	5.813,34 €	930,13 €	6.743,47 €
06-002379	19/12/2006	5.813,34 €	930,13 €	6.743,47 €
07-000397	03/03/2007	5.970,30 €	955,25 €	6.925,55 €

07-000201	14/02/2007	5.970,30 €	955,25 €	6.925,55 €
07-000603	31/03/2007	5.970,30 €	955,25 €	6.925,55 €
07-000807	30/04/2007	5.970,30 €	955,25 €	6.925,55 €
07-001209	30/06/2007	5.970,30 €	955,25 €	6.925,55 €
07-001007	31/05/2007	5.970,30 €	955,25 €	6.925,55 €
07-001417	31/07/2007	5.970,30 €	955,25 €	6.925,55 €
07-001633	31/08/2007	5.970,30 €	955,25 €	6.925,55 €
07-001855	30/09/2007	5.970,30 €	955,25 €	6.925,55 €
07-002086	31/10/2007	5.970,30 €	955,25 €	6.925,55 €
07-002315	30/11/2007	5.970,30 €	955,25 €	6.925,55 €
07-002545	31/12/2007	5.970,30 €	955,25 €	6.925,55 €

3º.- Ordenar o pago a favor de LIMPIEZAS CIES SL (C.I.F. B36631935) polo devandito importe de 147.299,34 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 “Deudas Mercado Progreso e Gastos Previsibles” do orzamento vixente.

**6(103).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 6.260,02 € A FAVOR DE PROFESIONALES TELETÉCNICOS SL CIF B36821718, POLOS SERVICIOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE: 1021/550.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.01.08, e de acordo co informe-proposta do vocal do Tribunal Económico-Administrativo e interventor do Mercado do Progreso, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, do 15.01.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de PROFESIONALES TELETÉCNICOS SL (C.I.F. B36821718), na contía de 6.260,02 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2008, recoñecer a obriga do gasto a favor do acreedor PROFESIONALES TELETÉCNICOS SL (C.I.F. B36821718), polo importe de 6.260,02 €, correspondentes ás facturas seguintes:

Nº FACTURA	DATA FACTURA	FACT.BASE	FACT. IVE	FACT.TOTAL
		5.396,59 €	863,43 €	6.260,02 €
833	21/05/2007	133,62 €	21,38 €	155,00 €
832	21/05/2007	168,10 €	26,90 €	195,00 €
834	21/05/2007	116,38 €	18,62 €	135,00 €
835	21/05/2007	103,45 €	16,55 €	120,00 €
1234	22/08/2007	120,69 €	19,31 €	140,00 €
1239	23/08/2007	224,14 €	35,86 €	260,00 €
1244	23/08/2007	107,76 €	17,24 €	125,00 €
1116	24/07/2007	133,62 €	21,38 €	155,00 €
1103	18/07/2007	250,00 €	40,00 €	290,00 €
1102	18/07/2007	90,52 €	14,48 €	105,00 €
1171	08/08/2007	65,52 €	10,48 €	76,00 €
1170	08/08/2007	74,14 €	11,86 €	86,00 €
1322	06/09/2007	318,97 €	51,04 €	370,01 €
1323	06/09/2007	192,24 €	30,76 €	223,00 €
1324	06/09/2007	151,72 €	24,28 €	176,00 €
1325	06/09/2007	137,93 €	22,07 €	160,00 €

1316	05/09/2007	103,45 €	16,55 €	120,00 €
1397	24/09/2007	129,31 €	20,69 €	150,00 €
1408	25/09/2007	103,45 €	16,55 €	120,00 €
1383	21/09/2007	568,96 €	91,03 €	659,99 €
1342	11/09/2007	44,83 €	7,17 €	52,00 €
1502	16/10/2007	198,28 €	31,72 €	230,00 €
1509	17/10/2007	206,90 €	33,10 €	240,00 €
1553	24/10/2007	94,83 €	15,17 €	110,00 €
1508	17/10/2007	163,79 €	26,21 €	190,00 €
1630	13/11/2007	224,14 €	35,86 €	260,00 €
1631	13/11/2007	443,97 €	71,04 €	515,01 €
1632	13/11/2007	189,66 €	30,35 €	220,01 €
1629	13/11/2007	219,83 €	35,17 €	255,00 €
1628	13/11/2007	86,21 €	13,79 €	100,00 €
1744	05/12/2007	152,59 €	24,41 €	177,00 €
1686	29/11/2007	77,59 €	12,41 €	90,00 €

3º.- Ordenar o pago a favor de PROFESIONALES TELETÉCNICOS SL (C.I.F. B36821718) polo devandito importe de 6.260,02 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 “Deudas Mercado Progreso e Gastos Previsibles” do orzamento vixente.

**7(104).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 32.745,71 € A FAVOR DE MANTENIMIENTO Y CONTROL GALAICA SLU CIF B70101548, POLOS SERVICIOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE. 1022/550.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.01.08, e de acordo co informe-proposta do vocal do Tribunal Económico-Administrativo e interventor do Mercado do Progreso, do 15.01.08, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de MANTENIMIENTO Y CONTROL GALAICA SLU (C.I.F. B70101548), na contía de 32.745,71 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2008, recoñecer a obriga do gasto a favor do acreedor MANTENIMIENTO Y CONTROL GALAICA SLU (C.I.F. B70101548), polo importe de 32.745,71 €, correspondentes ás facturas seguintes:

Nº FACTURA	DATA FACTURA	FACT.BASE	FACT. IVE	FACT.TOTAL
		28.229,07 €	4.516,64 €	32.745,71 €
0001	31/03/2007	3.240,90 €	518,54 €	3.759,44 €
0002	30/04/2007	2.925,12 €	468,02 €	3.393,14 €
004	30/06/2007	3.240,90 €	518,54 €	3.759,44 €
005	31/07/2007	3.116,25 €	498,60 €	3.614,85 €
003	31/05/2007	3.116,25 €	498,60 €	3.614,85 €
013	31/08/2007	3.116,25 €	498,60 €	3.614,85 €
024	30/09/2007	3.116,25 €	498,60 €	3.614,85 €
028	31/10/2007	3.240,90 €	518,54 €	3.759,44 €
46	30/11/2007	3.116,25 €	498,60 €	3.614,85 €

3º.- Ordenar o pago a favor de MANTENIMIENTO Y CONTROL GALAICA SLU (C.I.F. B70101548) polo devandito importe de 32.745,71 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 “Deudas Mercado Progreso e Gastos Previsibles” do orzamento vixente.

**8(105).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 9.048,31 € A FAVOR DE AQUALIA SA FCC SA UTE CIF G79820833, POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE. 1023/550**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.01.08, e de acordo co informe-proposta do vocal do Tribunal Económico-Administrativo e interventor do Mercado do Progreso, do 15.01.08, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de AQUALIA SA FCC SA UTE (C.I.F. G79820833), na contía de 9.048,31 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2008, recoñecer a obriga do gasto a favor do acreedor AQUALIA SA FCC SA UTE (C.I.F. G79820833), polo importe de 9.048,31 €, correspondentes ás facturas seguintes:

Nº FACTURA	DATA FACTURA	FACT.BASE	FACT. IVE	FACT.TOTAL
		8.531,17 €	517,14 €	9.048,31 €
74730006P0400892	13/09/2006	3.053,80 €	185,21 €	3.239,01 €
74730006P0537074	16/11/2006	3.183,47 €	193,14 €	3.376,61 €
74730006P0660047	09/01/2007	2.293,90 €	138,79 €	2.432,69 €

3º.- Ordenar o pago a favor de AQUALIA SA FCC SA UTE (C.I.F. G79820833) polo devandito importe de 9.048,31 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 “Deudas Mercado Progreso e Gastos Previsibles” do orzamento vixente.

**9(106).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 409,71 € A FAVOR DE ATLÁNTICA DE SISTEMAS CONTRA INCENDIOS SL CIFB36959799, POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE. 1024/550**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.01.08, e de acordo co informe-proposta do vocal do Tribunal Económico-Administrativo e interventor do Mercado do Progreso, do 22.01.08, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de ATLANTICA DE SISTEMAS CONTRA INCENDIOS SL (C.I.F. B36959799), na contía de 409,71 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2008, recoñecer a obriga do gasto a favor do acreedor ATLANTICA DE SISTEMAS CONTRA INCENDIOS SL (C.I.F. B36959799), polo importe de 409,71 €, correspondentes ás facturas seguintes:



Nº FACTURA	DATA FACTURA	FACT.BASE	FACT. IVE	FACT.TOTAL
		353,20 €	56,51 €	409,71 €
A/586	30/03/2007	290,20 €	46,43 €	336,63 €
A/1433	17/09/2007	48,00 €	7,68 €	55,68 €
A/1563	05/10/2007	15,00 €	2,40 €	17,40 €

3º.- Ordenar o pago a favor de ATLANTICA DE SISTEMAS CONTRA INCENDIOS SL (C.I.F. B36959799) polo devandito importe de 409,71 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 “Deudas Mercado Progreso e Gastos Previsibles” do orzamento vixente.

**10(107).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 3.816,40 € A FAVOR DE GALIDES SL B36885275, POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE. 1027/550.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.01.08, e de acordo co informe-proposta do vocal do Tribunal Económico-Administrativo e interventor do Mercado do Progreso, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de GALIDES SL (C.I.F. B36885275), na contía de 3.816,40 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2008, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor GALIDES SL (C.I.F. B36885275), polo importe de 3.816,40 €, correspondentes ás facturas seguintes:

Nº FACTURA	DATA FACTURA	FACT.BASE	FACT. IVE	FACT.TOTAL
		3.290,00 €	526,40 €	3.816,40 €
007-484	10/09/2007	1.750,00 €	280,00 €	2.030,00 €
007-559	23/10/2007	1.540,00 €	246,40 €	1.786,40 €

3º.- Ordenar o pago a favor de GALIDES SL (C.I.F. B36885275) polo devandito importe de 3.816,40 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 “Deudas Mercado Progreso e Gastos Previsibles” do orzamento vixente.

**11(108).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 40.526,44 € A FAVOR DE PORTEROS Y CONTROLADORES INDUSTRIALES SL CIFB36933133, POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE.1030/550**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.01.08, e de acordo co informe-proposta do vocal do Tribunal Económico-Administrativo e interventor do Mercado do Progreso, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de PORTEROS Y CONTROLADORES INDUSTRIALES SL

(C.I.F. B36933133), na contía de 40.526,44 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2008, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor PORTEROS Y CONTROLADORES INDUSTRIALES SL (C.I.F. B36933133), polo importe de 40.526,44 €, correspondentes ás facturas seguintes:

Nº FACTURA	DATA FACTURA	FACT.BASE	FACT. IVE	FACT.TOTAL
		34.936,57 €	5.589,87 €	40.526,44 €
28	31/01/2007	3.116,25 €	498,60 €	3.614,85 €
95	31/03/2006	2.184,30 €	349,49 €	2.533,79 €
137	30/04/2006	2.851,73 €	456,28 €	3.308,01 €
196	31/05/2006	3.033,75 €	485,40 €	3.519,15 €
235	30/06/2006	3.155,10 €	504,82 €	3.659,92 €
267	31/07/2006	3.033,75 €	485,40 €	3.519,15 €
302	31/08/2006	3.033,75 €	485,40 €	3.519,15 €
336	30/09/2006	3.155,10 €	504,82 €	3.659,92 €
386	30/11/2006	2.548,35 €	407,74 €	2.956,09 €
422	31/12/2006	2.799,14 €	447,86 €	3.247,00 €
59	28/02/2007	2.991,60 €	478,66 €	3.470,26 €
364	31/10/2006	3.033,75 €	485,40 €	3.519,15 €

3º.- Ordenar o pago a favor de PORTEROS Y CONTROLADORES INDUSTRIALES SL (C.I.F. B36933133) polo devandito importe de 40.526,44 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 “Deudas Mercado Progreso e Gastos Previsibles” do orzamento vixente.

**12(109).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “IMOS TRABALLAR” E SOLICITUDE DE AXUDA Ó FONDO SOCIAL EUROPEO. EXPTE. 101161/140.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 28.01.08, conformado polo concelleiro da Área de Promoción, Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

*É obxecto do presente informe pór en coñecemento desa Xunta de Goberno a memoria correspondente ao Proxecto “Imos traballar” a fin de que se adopte a respectiva decisión sobre a súa aprobación e consecvente solicitude de axuda financeira ante a Unión Europea.*

*O acordo que no seu caso se adopte, ten a súa orixe na convocatoria efectuada pola Administración do Estado para a selección de iniciativas en materia de fomento de emprego, susceptibles de ser cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no sexenio 2007-2013, podendo ser beneficiarios aqueles concellos con poboación superior a 50.000 habitantes.*

*Mediante Resolución de 7 de Novembro de 2007, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, apróbanse as bases reguladoras da Convocatoria 2007 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo, durante o período de intervención 2007-2013.*

*O Regulamento (C.E.) nº:1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de Xullo de 2006, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (C.E.) nº:1784/1999, establece as funcións deste Fondo, o ámbito da súa intervención, disposicións específicas, así como as categorías de gastos subvencionables.*

*En cumprimento dos principios de coordinación e cooperación entre as distintas Administracións, o Ministerio*

*de Administracións Públicas xestiona un programa de cooperación económica coas entidades locais, que se destina á cofinanciación de investimentos en obras e servizos municipais, participando así mesmo en programas de desenvolvemento local cofinanciados con fondos da Unión Europea.*

*No marco desa cooperación do Estado para mellorar a calidade de vida, contribuír á creación de emprego, ao desenvolvemento económico e á cohesión económica e social de ámbito local, artículase a citada forma de intervención do Fondo Social Europeo a través da súa xestión, como Organismo intermedio, por parte da Dirección Xeral de Cooperación Local (Secretaría de Estado de Cooperación Territorial - Ministerio de Administracións Públicas).*

*As Bases Reguladoras da convocatoria teñen como fin articular a xestión das axudas do Fondo Social Europeo previstas no Eixo 2 do Programa Operativo “Adaptabilidade e Emprego”, en concreto no referente a “fomentar pactos, redes, asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social, tendo en conta a perspectiva de xénero”, mediante convocatoria para todas as rexións: obxectivo “Converxencia”, “Converxencia en Réxime Transitorio”, “Competitividade en Réxime Transitorio” e “Competitividade Rexional e Emprego”.*

*O obxectivo xeral que se promove a través desta iniciativa, presentada por esta Administración Local, é cubrir as necesidades en materia de emprego no Concello de Vigo para conseguir unha diminución das taxas de desemprego e xerar postos de traballo sostibles e de calidade. Está dirixido á inserción laboral dos desempregados da área de Vigo, aínda que se centrará naqueles que teñan especiais dificultades para acceder a un emprego de calidade e de longa duración, así como para lograr a súa inclusión social a través de formación e a súa incorporación ao mercado laboral. Entre estes colectivos atópanse as mulleres en xeral, os homes e mulleres menores de 30 anos, os homes e mulleres maiores de 45 anos, os parados de longa duración e os colectivos excluídos (inmigrantes, discapacitados/as, mulleres maltratadas, persoas por baixo do limiar da pobreza, nais solteiras, ex presidiarios/as, ex drogadictos/as, ex alcohólicos/as).*

*O Proxecto, que se somete a consideración da Xunta de Goberno Local, analiza os itinerarios integrados “de inserción laboral” e configura o Pacto Local polo Emprego en Vigo, coa participación das seguintes entidades e/ou axentes sociais: Concello de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra, UXT-Vigo, CC.OO.-Vigo, CIG-Vigo, Universidade de Vigo e Caixanova.*

*En canto aos “itinerarios de inserción laboral” establécense as pautas para a selección de candidatos, perfílase a estrutura da actuación e, para rematar, determínase a fase de contacto cos usuarios, entre a que cabe destacar o “proceso de acollida” e o deseño dos distintos niveis previstos para o “itinerario de inserción personalizado”.*

*As cifras de inserción programadas sitúanse en 200 usuarios/as o primeiro ano, 300 durante o segundo e 100 no terceiro exercicio de execución. O persoal necesario será asignado en función das necesidades de tutorización cunha media de 20 usuarios/as por técnico/a.*

*No concernente ao Pacto Local polo Emprego en Vigo é de significar que as actuacións formativas que se contemplan no proxecto se adecuan ao preceptuado na Lei 39/2006, de 14 de Decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situacións de dependencia, estimulando que os desempregados do municipio de Vigo fórmense nestas actividades emerxentes.*

*A descrición das actividades subvencionables incluídas no Proxecto “Imos traballar” son as seguintes:*

- 1. Actividades de información.*
- 2. Actividades de selección de candidatos/as.*
- 3. Actividades de acollida e diagnóstico psicosocial.*
- 4. Actividades de tutorización individualizada.*
- 5. Actividades de itinerarios formativos de inserción sociolaboral personalizados (IFIS). O Concello de Vigo só solicitará subvención para a realización de itinerarios formativos específicos relacionados coa prestación de servizos de atención a persoas dependentes. As actuacións relacionadas cos IFIS son: formación específica, formación transversal, prácticas profesionais e actividades complementarias. Para a formación específica, elixíronse os seguintes itinerarios:*

- Itinerario de “atención sociosanitaria a persoas no domicilio”
  - Itinerario “empregada do fogar”.
  - Itinerario “coidador de discapacitados físicos e psíquicos”.
  - Itinerario “animador de persoas maiores”.
  - Itinerario “especialista en atención domiciliaria infantil”.
6. Actividades de información, orientación e asesoramento técnico á función gerencial.
  7. Actividades de procura de emprego.
  8. Actividades de prospección de necesidades de formación nos novos xacementos de emprego.
  9. Actividades de creación e participación en redes de intercambio de experiencias e boas prácticas no campo da formación para o emprego.
  10. Actividades de avaliación e seguimento.
  11. Actividades de certificación e xustificación.
  12. Actividades de coordinación.

O Proxecto “Imos Traballar” correspóndese cos obxectivos comunitarios en materia de emprego da Estratexia Europea de Emprego (EEE), coas Directrices para as Políticas de Emprego e oríentase a alcanzar os obxectivos definidos no Cume de Lisboa.

O Proxecto complementa os obxectivos do I Plan Integral de Emprego de Galicia, que se estende en parte do período que abarcará a actuación. Existe unha correspondencia directa entre as súas accións e medidas subvencionables, xa que ambos:

- Subvencionan accións para a formación e reconversión profesional de desempregados.
- Subvencionan programas que combinan formación e emprego.
- A formación oríentase cara a aquelas ocupacións máis demandadas. Promoven a participación e colaboración das entidades máis representativas.

Así mesmo, debe indicarse que o Proxecto presentado garda plena coherencia co Plan Municipal de Emprego, vixente ata finais do ano 2007, aprobado polo Pleno do Concello de Vigo.

As axudas financiadas polo Fondo Social Europeo para a execución do Proxecto supón un 80% do custo elexible da actuación para as rexións de “converxencia”, entre as que se atopa a Comunidade Autónoma de Galicia.

O custo total elexible do Proxecto alcanza a cantidade de 2.855.935,12 euros, levarase a efecto durante os anos 2008, 2009 e 2010 cunha achega por parte do Concello de Vigo do 20%, sendo o 80% atribuíble á cofinanciación comunitaria, con arranxo ás previsións orzamentarias que a continuación se indican e de conformidade co desglose de gastos segundo a súa natureza, que se fai constar na solicitude de axuda.

	2008	2009	2010
Coste elexible por anualidade	623.322'16	1.190.806'48	1.041.806'48
Financiación Ayto. Vigo 20%	124.664'43	238.161'30	208.361'30
Atribución porcentual sobre coste elexible	21'83 %	41'70 %	36'48 %

En razón ao que antecede, esta Xefatura propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte Acordo:

1. Prestar aprobación á memoria do Proxecto “Imos Traballar” presentado por esta Administración Municipal para a súa remisión á Dirección Xeral de Cooperación Local (Secretaría de Estado de Cooperación Territorial- Ministerio de Administracións Públicas).
2. Solicitar da Dirección Xeral de Cooperación Local a admisión da memoria do Proxecto “Imos Traballar”, asignándolle unha axuda financeira de 2.284.748 Euros, equivalente ao 80% do custo elexible da actuación que se executará ao longo dos anos 2008, 2009 e 2010, todo iso con cargo ás cifras orzamentadas no Fondo Social Europeo (F.S.E.) sexenio 2007-2013.
3. En uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e con carácter específico as previstas no art.127.1.f) (segundo modificación introducida a través de Lei 57/2003), esta Administración Municipal comprométese a incluír nos Orzamentos Xerais deste Concello, entre os exercicios 2008 e 2010 (ambos inclusive), as dotacións suficientes para facer fronte ao financiamento nacional do Proxecto, en contía de 571.187,02 euros (20% do custo elexible), que se distribuirá en devanditas anualidades segundo o establecido na solicitude de axuda financeira.
4. O Concello de Vigo comprométese a efectuar os anticipos de tesourería necesarios para facer fronte aos pagos da totalidade do Proxecto (incluídos os correspondentes á porcentaxe da axuda financeira solicitada), previo expediente de modificación orzamentaria (xeración de créditos que se tramitará unha vez notificado o compromiso de cofinanciación comunitario).
5. Pór en coñecemento da Dirección Xeral de Cooperación Local a disposición por parte desta Administración Municipal dun equipo humano con capacidade suficiente para a xestión, seguimento e control do Proxecto, en cumprimento da normativa comunitaria, tal e como se expón no apartado correspondente da memoria xustificativa.
6. Confirmar á Dirección Xeral de Cooperación Local a inexistencia de calquera outra solicitude de axuda ante as Administracións Públicas para o financiamento deste Proxecto ou doutro de similares características, así como a non concesión de cofinanciación por parte de devanditas Administracións para a mencionada finalidade.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **13(110).- BASES INCENTIVOS PARA PROMOVER ACCIÓNS E/OU PROGRAMAS DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A ELIMINACIÓN DE ELEMENTOS DE DISCRIMINACIÓN SEXISTA NOS CENTROS EDUCATIVOS. EXPTE. 3034/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Asesoría Xurídica, do 24.10.07, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 23.10.07, conformado pola concellería delegada de Muller e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a convocatoria e bases dos Incentivos para promover accións e/ou programas en igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista nos centros educativos, que de seguido se transcriben.

2º.- Autorizar o gasto máximo de 2.000 .-€ para facer fronte aos premios dictaminados pola Comisión avaliadora con cargo á partida 4632 2270606 do presuposto do exercicio 2008 da Concellería de Igualdade.

**“BASES INCENTIVOS PARA PROMOVER ACCIÓNS E/OU PROGRAMAS EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A ELIMINACIÓN DE ELEMENTOS DE DISCRIMINACIÓN SEXISTA NOS CENTROS EDUCATIVOS.**

**XUSTIFICACIÓN**

*Dentro do marco do “III Plan de Igualdade De Oportunidades Entre Mulleres e Homes Do Concello de Vigo 2005-2007”, recóllese o obxectivo de fomentar a igualdade de oportunidades de nenos e nenas dende as institucións educativas, así como favorecer e difundir a posta en marcha de actividades educativas que promovan a igualdade entre xéneros. Estes obxectivos inclúense no epígrafe de Coeducación nas Institucións Educativas: Escola e Familia, empregando o termo “coeducación” para referirnos á educación conxunta de dous colectivos humanos específicos: os homes e as mulleres, nun sentido máis amplo que a educación mixta. Baixo esta concepción preténdese que a educación de nenos e nenas avance cara a un modelo integral no que non teñan cabida sesgos derivados do sexismo tradicional androcéntrico.*

*Existen suficientes experiencias sobre os excelentes resultados educativos e sociais que proporciona o traballo dende a perspectiva coeducativa, que demostran que se pode acadar una educación máis igualitaria e integral.*

*Nesta liña propónse esta convocatoria de incentivos aos centros educativos para promover accións e/ou programas en igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista.*

*Consideramos que con esta iniciativa potenciaranse proxectos e experiencias que teñan como obxectivo a promoción da igualdade de oportunidades para ámbolos dous sexos nos diferentes eidos da vida escolar: contidos curriculares, metodoloxía, espazos, funcionamentos do centro, tipo de actividades, etc, así como a incorporación da perspectiva de xénero na educación en valores.*

**FINALIDADE**

*Favorecer e difundir a posta en marcha de actuacións educativas que promovan a igualdade entre xéneros.*

**CENTROS DESTINATARIOS**

*Todos os centros educativos públicos e privados concertados do Concello de Vigo.*

**SOLICITUDE**

*Os centros educativos que estean interesados en participar nesta iniciativa deberán remitir ou presentar a súa solicitude segundo anexo I debidamente cumprimentada na Concellería de Igualdade, Praza do Rei núm.1, Vigo. Esta solicitude tamén pode ser enviada por Fax ao núm. 986 430 082, ou ao enderezo de correo electrónico [ofi.muller@vigo.org](mailto:ofi.muller@vigo.org). As solicitudes poderán presentarse dende o inicio da convocatoria ata o último día de prazo para a presentación de memorias.*

**MEDIDAS A ADOPTAR**

*Os centros que desexen optar aos incentivos desta convocatoria deberán adoptar ou poñer en práctica durante o curso 2007/2008 medidas encamiñadas á eliminación de elementos de discriminación sexista, así como outras accións ou programas destinadas a promoción da igualdade de oportunidades. A modo orientativo, e non excluínse, propóñense as seguintes medidas:*

- *Análise dende a perspectiva de xénero dos materiais didácticos.*
- *Establecemento de normas que regulamenten o uso compartido dos espazos comúns: zonas recreativas, de estudo, biblioteca e comúns.*
- *Establecemento de normas que regulamenten o uso compartido de recursos e medios técnicos existentes (ordenadores, equipos multimedia, material de laboratorio, xogos e xoguetes...).*
- *Realización de traballos co alumando sobre a visibilidade da muller no ámbito público e/ou a visibilidade do home no ámbito privado.*

- *Eliminación de linguaxe sexista en rótulos, listaxes e documentación do centro.*
- *Nos centros nos que se use uniforme optar por un modelo unisex.*
- *Tomar medidas encamiñadas a adopción de cores non sexistas nos mandilóns de alumnado de educación infantil (rosa para nenas – azul para nenos).*
- *Realización de actividades de conmemoración do 8 de Marzo e/ou 25 de Novembro.*
- *Promoción de actividades deportivas mixtas, ou con equipos masculinos e femininos por deportes.*
- *Elaboración de unidades didácticas, actividades ou outras iniciativas de promoción da igualdade de oportunidades.*
- *Participación en actividades de igualdade programadas polo concello de Vigo ou outras entidades.*
- *Fomento da participación do alumnado, profesorado e familias nas actividades de igualdade que se desenvolvan.*
- *Contribución a facer visible o papel das mulleres nos contidos escolares de tódalas materias.*
- *Promoción dunha orientación profesional non sexista.*

*Enténdese que cada centro educativo presenta un único proxecto, que engloba todas as accións ou medidas que se queiran.*

*As accións non teñen que ser especificamente elaboradas para o proxecto, senón que se poden incluír aquelas que xa estean programadas no centro para realizarse no curso 2007/2008 (por exemplo no Plan de Acción Titorial, Plan de Orientación Educativa, Actividades complementarias e extraescolares, etc).*

#### **MEMORIA**

*Os centros participantes deberán presentar unha memoria de avaliación do desenvolvemento das accións de igualdade de oportunidades levadas a cabo durante o curso 2007 – 2008, podendo incluír todas aquelas que fosen iniciadas con anterioridade a esta convocatoria. Por cada unha das actividades indícarase:*

- *Título da actividade.*
- *Obxectivo perseguido.*
- *Persoas implicadas.*
- *Destinatario/as.*
- *Breve valoración dos resultados.*

*Valorarase positivamente o feito de acompañar a esta memoria materiais ou documentación complementaria, como por exemplo: fotografías de actos, unidades didácticas, traballos presentados polo alumnado...*

*É requisito indispensable que xunto con esta memoria se achegue unha certificación da secretaría do centro segundo anexo II conforme se realizaron as devanditas actividades ou ben que foron iniciadas e serán executadas na súa totalidade antes do remate do presente curso.*

#### **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

*As memorias presentaranse antes do 30 de abril de 2008 na Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.*

#### **INCENTIVOS**

*Do total de memorias entregadas farase unha valoración comparativa premiando a aqueles centros docentes que amosen maior coherencia, implicación e traballo neste eido.*

*O premio para o colexio gañador será de 1.000 € a investir nun proxecto de igualdade que realizará no curso seguinte, así como un recoñecemento público da súa labor. Poderase conceder ata dous accesos aos centros participantes que non resulten gañadores por un importe de 500.-€ cada ún, a investir nun proxecto de igualdade que realicen no vindeiro curso escolar. Así mesmo, a Comisión de Valoración pode proclamar o premio deserto ou ben decidir repartilo entre varios centros participantes .*

#### **COMISIÓN DE VALORACIÓN**

*Para a valoración das memorias e concesión dos incentivos constituirase un xurado presidido pola Concelleira de Igualdade ou persoa en quen delegue, que actuará como Presidenta, e formado polos seguintes membros:*

*1 Técnico/a da Concellería de Igualdade.*

*1 Técnico/a da Concellería de Educación.*

*As funcións de secretario/a da comisión serán realizadas por un/unha funcionario/a da Concellería de Igualdade que actuará con voz pero sen voto.*

**RESOLUCIÓN**

A resolución desta convocatoria realizarase por Decreto da Concellaría de Igualdade que se ditará en todo caso antes do 30 de maio de 2008, procedendo á súa notificación a todos os centros educativos participantes.

**BASE FINAL**

A participación no presente concurso presupón a aceptación incondicional das bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas que conteñen, así como a non posibilidade de apelar o fallo do concurso.

**ANEXO I  
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

D/Dña. \_\_\_\_\_ con DNI/NIF \_\_\_\_\_,  
como Director/a do Centro Educativo \_\_\_\_\_

Solicita:

Participar na convocatoria de incentivos para promover accións e/ou programas en igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista nos centros educativos.

En Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_

O/A Director/a.

Asdo.: .....

CONCELLEIRA DE IGUALDADE  
CONCELLO DE VIGO

**ANEXO II  
CERTIFICADO DE REALIZACIÓN**

D/Dña.....como Secretario/a do  
Centro .....,

**CERTIFICA**

Que todas as actividades recollidas na memoria adxunta foron realizadas neste centro ao longo do curso 2007-08, ou ben que foron iniciadas e serán executadas na súa totalidade antes do remate do presente curso.

E para que así conste, asino a presente certificación .

En Vigo, ..... de ..... de 200\_\_  
O/A Secretario/a.

Asdo.: .....

CONCELLEIRA DE IGUALDADE



*CONCELLO DE VIGO*

PARA SABER MÁIS SOBRE...  
EDUCACIÓN E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES  
Guía de recursos.

- 1) Jaramillo Guijarro, Concepción (2001): *Formación del Profesorado: Igualdad de Oportunidades entre Chicas y Chicos*. Instituto de la Mujer (MTAS), Madrid.
- 2) <http://www.educarenigualdad.org/default.aspx>  
*Directorio de recursos para a igualdade e a prevención da violencia de xénero*
- 3) <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos/coeducacionphp3>  
*Materiais para a educación nas etapas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria. Formato PDF*
- 4) <http://sgi.xunta.es/document/guivipri.pdf>  
*Educación para previr a violencia de xénero. Guía para o profesorado de educación infantil e primaria.*
- 5) <http://sgi.xunta.es/document/prevcasa.pdf>  
*Previr desde a casa. Promover as relacións de paz e equidade*
- 6) <http://sgi.xunta.es/document/galix.pdf>  
*Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria.*
- 7) <http://www.artefinal.com/violencia%5Fsexista%5Fen%5Flas%5Fvideojuegos/>  
*Violencia sexista nos videoxogos.*
- 8) <http://www.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/02426953211793839622202/index.htm>  
*Elementos para unha educación non sexista: guía didáctica da coeducación. Feminario de Alicante.*
- 9) <http://www.educastur.princast.es/recursos/materiales/doc/coeducacion.pdf>  
*Guía de recursos para o profesorado. Elaborado polo Principado de Asturias.*
- 10) <http://www.educastur.princast.es/cpr/gijon/recursos/coeducacion/udII/publicacion.pdf>
- 11) <http://www.educastur.princast.es/cpr/aviles/asesorias/socioling/coeducación.htm>
- 12) [http://www.educacionenvalores.org/herramientas\\_didacticas.php3](http://www.educacionenvalores.org/herramientas_didacticas.php3)

web onde atopar material didáctico, experiencias, contos, propostas educativas,... sobre coeducación e igualdade, resolución de conflitos, saúde,... En varios idiomas.”.

**14(111).- CONTRATACIÓN DO PROGRAMA “TI ES A PROTAGONISTA” 2007-2008. EXPTE. 3242/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 22.01.08, conformado pola concelleira de Igualdade e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a renuncia presentada por D<sup>a</sup> Dolores Ruíz Gestoso, con NIF 36.084.012W, para a impartición dos cursos “O Café das doce” e “O café das seis”, seleccionados por dúas entidades adheridas ao programa.

2º.- Autorizar o gasto por importe global de 17.820,00€, con cargo á partida 463.2.226.06.00 do presuposto vixente, para facer fronte á realización dos cursos seleccionados ó abeiro do disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004.

3º.- Contratar polo procedemento negociado previsto no apartado b) do artigo 210 do Real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, e segundo o previsto nas bases do concurso de ideas para elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa de formación e animación sociocultural da Concellería de Igualdade “Ti es protagonista”, na convocatoria 2007/2008, con:

- Aula Sísifo de Formación (Proposta 31) CIF: B.36888220

Monitora: Silvia Alonso Prado

Curso: Risoterapia

Horas: 15

Vocalías: As. Gallega Amigos del Rocío, AV San Miguel de Oia e AV Doutor Fleming

Monitora: Rosana Araújo Hernández

Curso: Descubrir e coñecer a historia de Galicia

Horas: 30

Vocalías: AV San Mamede de Zamás, AV Fonto do Galo, AV Beade e AV O Carballo de Sárdoma

Curso: Un paseo pola historia da arte galega

Horas: 15

Vocalías: Asociación de Amas de Casa Agarimo

Monitora: Cristina Fernández Rivas

Curso: Ioga

Horas: 30

Vocalías: AV Rosalía de Castro da Salgueira e AV Cristo da Victoria

Monitora: M<sup>a</sup> Carmen Ledo Rodríguez

Curso: Cestería

Horas: 15

Vocalías: AVV Cabral Feira

Monitora: Eva María Vila Barros

Curso: Xogamos co teatro

Horas: 15

Vocalías: CRAC Coruxo

Horas: 30

Vocalías: AV A Paz

Monitora: Marina González Ferreirós

Curso: Actividade física, ritmo e pilates

Horas: 45

Vocalías: AV Rúas e Fontes e SCRD Nautilus

Horas: 15

Vocalías: AV Fonte do Galo

Horas: 30

Vocalías: Unión CM De Consumidores/as y Amas del Hogar de Vigo

Monitora: Antía González Fernández

Curso: Música e movemento

Horas: 15

Vocalías: Unión CM de Consumidores/as y Amas del Hogar de Vigo

Monitora: Marta Bautista Díaz

Curso: O xogo como base para o desenvolvemento integral dunha persoa

Horas: 15

Vocalías: AV Val do Fragoso

Monitora: Carmen Paraje Troncoso

Curso: Ioga Terapéutico

Horas: 15

Vocalías: Asociación de Mulleres Rosalía de Castro

Monitora: M<sup>a</sup> Luisa Prado López

Curso: Tai-chí e Chi-kung

Horas: 15

Vocalías: AV Beade

Curso: Sigamos facendo deporte

Horas: 45

Vocalías: SCR Pardavila-Lavadores

Prezo hora: 33€

Contía: 17.820,00 €

**15(112).- SOLICITUDE DE MANUEL NANTES BELLO E LILIANA ANTES PEQUEÑO DE LEVANTAMIENTO DE DEPÓSITO DA OBRA “ILLA” DE URBANO LUGRÍS. EXPTE. 718/337.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

*Antecedentes.-*

*No mes de xuño de 2003, D. Manuel Nantes Bello e D<sup>a</sup> Liliana Nantes Pequeño solicitan o levantamento do depósito, efectuado en xuño de 1982, da obra “Illa”; Urbano Lugo. N<sup>o</sup> inv. 194 (achégase ficha de inventario no expediente).*

*Este cadro atópase actualmente exposto en sala en bó estado de conservación e, respecto ó seu historial, consta no arquivo do museo copia do recibí deste depósito asinado polo entón Secretario do Padroado e Xefe do Departamento de Arte, Bernardo Vázquez Gil. Neste documento non se fixa prazo de depósito, anque na reclamación dos susoditos menciónase que debe producirse o levantamento “transcorrido o prazo do depósito”.*

*Recibida a solicitude emítese informe técnico que desaconsella o levantamento dado o valor da obra de Lugo para a exposición permanente do museo ao ter, unicamente, incluída a obra citada, tres obras de cabaleta do artista, ademais dos tres murais e unha vidrieira procedentes do Hotel Moderno. Considerabase entón como máis beneficioso para o museo chegar a un novo acordo cos propietarios de prórroga de depósito ou mesmo a compra da obra. A este respecto a xunta rectora do museo, na súa xuntanza de 22 de novembro de 2003, toma o seguinte acordo que se transcribe da correspondente acta, punto 2.7.:*

*“2.7. Solicitude de levantamento de depósito dunha obra de Manuel Nantes Bello e Liliana Nantes Pequeño.*

*O director expón igualmente debe procederse ó levantamento de depósito cando se acredite convenientemente. Non obstante considera que esta obra, “Illa” de Urbano Lugrís, ten moito valor na colección do museo que só posúe dúas obras de cabalete deste autor. Á vista disto expón que interesa que a obra se quede no museo e que se proceda á negociación cos propietarios dunha prórroga do depósito ou mesmo a súa compra. Vótase esta proposta que resulta aceptada por unanimidade.”*

*Visto o cal en xuño de 2005 solicitouselle áos reclamantes unha prórroga do depósito que foi aceptada por eles. Transcorrida amplamente esta prórroga, en febreiro de 2007, o concelleiro delegado de cultura, e presidente do padroado, dado o interese da concellería por conservar a obra dentro da colección municipal de arte; ofrecíase a trasladar ao padroado do museo, e ao goberno local, para o seu exame, calquera outro concepto de cesión de maneira que a obra poida permanecer no museo o que indirectamente supoñía renegociar a prórroga ou a compra.*

*Esta oferta foi rexeitada polos solicitantes que se reiteran na súa vountade de levantamento do depósito e a inmediata devolución do cadro.*

*A 16 de xaneiro de 2008 a avogada dos reclamantes insta ao concello, xa de xeito categórico, á devolución definitiva da obra mediante correo electrónico dirixido ao museo, dando un prazo máximo de quince días para que o inicio das actuacións para devolución definitiva do depósito.*

#### Resumo.-

*Como resumo do citado debe terse en conta:*

*+ Transcorrerono máis de catro anos dende a data de solicitude da levantamento da obra; catro gobernos municipais (Lois Pérez, Ventura Pérez, Corina Porro e Abel Caballero); e tres xuntas rectoras distintas sen que se produxeran avances significativos na demanda dos depositarios.*

*+ A xunta rectora acordou a tramitación da prórroga na súa xuntanza de 2003; pero finalizada esta non se volveu a posicionar sobre o asunto en 2005 e 2006 pese a reiterada solicitude dos reclamantes.*

*+ En 2007 non se produxo ningunha xuntanza da xunta rectora na que se poidera tratar o asunto. En 2008 a xunta rectora segue sen constituirse co que, a falta de órgano rector no que se delegue a dirección do museo, é directamente o goberno municipal quen asume as decisións da institución. Neste sentido considérase que o goberno municipal, a traveso da xunta de goberno local, está capacitado para autorizar a devolución do depósito dando conta a posteriori da devolución á xunta rectora na primeira xuntanza que se convoque (do mesmo xeito que se está a facer para os préstamos).*

*+ A propiedade da obra está recoñecida tanto por parte do recepcionista do depósito en 198, o director Sr. Vázquez Gil; como por parte da xunta rectora que recoñeceu a mesma dende o momento en que solicita a prórroga do depósito do cadro aos solicitantes.*

*+ Non existe ningunha posibilidade de acordo económico ou doutro tipo coa familia para conservar a obra na colección. E é moi probable que de non resolver o asunto coa celeridade debida éste acabe en prazo moi breve nos tribunais o cal resultaría altamente perxudicial para ambas partes, especialmente para o museo e para o concello para a súa credibilidade e porque podería restar posibilidade de futuros depósitos na institución.*

*Visto todo o cal, salvo erro ou omisión, seguindo instrucións da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, faise a Xunta da Goberno Local a seguinte*

#### PROPOSTA.-

*“Proceder ao levantamento do depósito da obra do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, “Illa”, de Urbano Lugrís, nº inv. 194, e a devolución da mesma aos seus depositarios, D. Manuel Nantes Bello e Lorena Nantes Pequeño, dando conta deste levantamento á xunta rectora do museo na primeira xuntanza que de esta se convoque”.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**16(113).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE DESEÑO E EDICIÓN DO MATERIAL PROMOCIONAL DA CONCELLERÍA DE TURISMO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2163/104.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 15.01.08, conformado polo primeiro tenente de alcalde e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto 280.000 euros euros para a prestación dos servizos de deseño e edición do material promocional da concellería de Turismo do concello de Vigo que se imputarán á partida presupuestaria 751.0.226.02.00 dos presupostos do ano 2008 e 2009.

2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 15-01-2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de deseño e edición do material promocional da concellería de Turismo do concello de Vigo.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**17(114).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS A MOVEXVIAL S.L. EXPTE. 670, 671, 672, 673, 674/333.**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e os informes do xefe de Negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda devolver a Movexvial as seguintes fianzas:

A fianza por importe de 4.608,64 € constituída para responder das Obras de construción de beirarrúas na rúa Carrasqueira-Coruxo xa que as obras foron recibidas mediante acta de 15.12.06 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu á contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

A fianza por importe de 3.170,92 € constituída para responder das obras de substitución de tubería na Estrada de Vilar xa que as obras foron recibidas mediante acta de 30.04.04 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu á contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

A fianza por importe de 3.452,20 € constituía para responder das obras de mellora de beirarrúas na rúa Marín e Cangas xa que as obras foron recibidas mediante acta de 30.04.04 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu á contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

A fianza por importe de 2.289,80 € constituída para responder das obras de mellora de beirarrúas na rúa Argentina xa que as obras foron recibidas mediante acta de 30.04.04 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu á contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

A fianza por importe de 10.006,74 € constituída para responder das obras de reconstrución da Pérgola da rúa Jenaro de la Fuente xa que as obras foron recibidas mediante acta de 25.11.05 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu á contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**18(115).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. CRISTINA GÓMEZ SOTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS.**

Este expediente incluíuse por erro, o correcto trátase no punto 23 desta sesión.

**19(116).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. VITA VIRZI TORRE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1246/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dna. Vita Virzi Torre presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 4.10.2005, no que expón que o día 28.9.2006, mentres camiñaba pola rúa Camelias, á altura do núm.44, sufriu unha caída por mor da arqueta dun sumidoiro.*

*A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 11.10.2006, no que indican que o desperfecto aludido pola reclamante trátase dun lixeiro afundimento de lousas ó redor dunha boca de rego, o mantemento do que corresponde a Aqualia.*
- *Ditame médico solicitado para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 528 euros.*
- *Informe da Policía local de Vigo de 15.11.2006 no que manifestan non teren constanza dos feitos polos que se reclama.*
- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 15.12.2006, que di que o defecto menciónado non ten que ver co servizo concedido.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 6.3.2007.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado*

partir da regra xeral acollida polo Consello cconsultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulaci3n, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administraci3n cando 3 crebada por introducirse neste caso un elemento estraño 3 relaci3n xurídica controvertida, cal 3 o da culpa da vítima, circunstancia que cando réune o requisito da exclusividade na vinculaci3n co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administraci3n, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25/01/1974 ou 5.11.1974 ). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administraci3n viría determinada polo principio de confianza dos pe3ns nas condici3ns de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constataci3n dun inaxeitado estado de conservaci3n destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreci3n da regra do autocontrol da deambulaci3n, dará lugar 3 obxectivaci3n dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexi3n causal co funcionamento dun servizo correspóndelle 3 reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensi3n 3 Administraci3n (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administraci3n está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instruci3n necesarios para a determinaci3n, coñecemento e comprobaci3n dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 28.9.2006, data na que a reclamante sitúa a súa caída, esta recibiu asistencia médica no servizo de Urgencias do Complexo hospitalario universitario de Vigo ás 21:34 h, por lesións segundo refire tras unha caída accidental na rúa. Solicitado ditame médico ó efecto, emitíuse o 8.2.2007 e nel se valoran estas lesións en 528 euros..
- Solicitado informe 3 policía local de Vigo, ésta non ten constanza nin intervenci3n ningunha nos feitos polos que se reclama, e a reclamante tampouco presenta testemuña ningunha deles

De todo o que resulta que dos feitos polos que se reclama non hai proba ningunha por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e o informe médico de urxenzas refírese a unha caída na beirarrúa segundo refire a paciente, polo que, como ten dito o Consello consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegaci3ns, xustifique verosimilmente aquela aproximaci3n indiciaria 3 feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca 3 inviabilidade da pretensi3n practicada.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensi3n de recoñecemento de responsabilidade desta Administraci3n, coa subseguinte indemnizaci3n, por non resultar acreditada a relaci3n causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administraci3n.

Polo exposto, prop3nse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribuci3ns que lle confire a lexislaci3n vixente, a adopci3n do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamaci3n de responsabilidade patrimonial formulada por dona Vita Virzi Torre por non corresponder 3 Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, 3 non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(117).- RECLAMACION DE D. CELESTINO DOMÍNGUEZ ABALLE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1232/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Adm3n. Xeral, do 23.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:



*Antecedentes:*

*D. Celestino Domínguez Aballe presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21.9.2006 no que expón que o día 18.9.2006, circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 0745-CVF, pola rúa Parrocha, á altura do núm. 14, e na vía había unha focha sen sinalizar rompendo o seu vehículo unha roda por causa da mencionada focha en medio da calzada.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

*Informe do Servizo de vías e obras de data 9.10.2006, no que informan que segundo manifestacións do persoal do Taller do departamento, nese lugar produxose un pequeno afundimento motivado polo deterioro do saneamento, correspondéndolle o mantemento diso a Aqualia.*

*Dilixencias a prevención por accidente de circulación do Servizo da Policía Local, con data 18.9.2006, na que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Domínguez relátalles o accidente que tivera que se produxo ó pretender estacionar na márxe dereita da calzada onde existe unha zona parecida a unha beirrarúa situada ó nivel da calzada e ó manobrar e sentir o impacto co vehículo percatouse de que na zona había unha especie de cuneta sen rexilla onde introduxo a roda dianteira que se danou a consecuencia.*

*Informe do Servizo de Parque Móbil, de 27.10.2006, manifestando que os prezos da factura núm. 2058 da Sociedad Cooperativa Gallega de Auto Taxis y Gran Turismo de Vigo y Pontevedra, que o reclamante presenta, por importe de 99,05 euros, IVE engadido, son correctos.*

*Evacuouse trámite de audiencia ó reclamante, que non formula alegacións.*

*Evacuouse trámite de audiencia á concesionaria Aqualia, que formula alegacións en data 13.2.2007 opoñéndose a súa no responsabilidade no expediente, por canto di que a fochanca á que se refire o reclamante como causa do suinistro non é tal, senon que corresponde a unha recollida de augas pluviais, non entubada, ubicada na márxe da vía, e que non forma parte da infraestrutura municipal de saneamento e abastecemento de augas*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

Non obstante, e de conformidade cos ditames números 135/2006 e 45/1997, entre outros, do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da conducción e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Do exame do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- Das dilixenzas a prevención por accidente de circulación que levantou a Policía Local de Vigo no lugar do accidente, que contrariamente ó manifestado polo reclamante, este non tivo lugar cando circulaba pola rúa Parrocha e topouse cunha fochanca en medio da calzada, senon que éste se produxo cando pretendía estacionar no lugar, e concretamente introducíndose nunha beirarrúa formigonada, introducindo a roda nunha cuneta destinada á recollida de augas pluviais. Nestas dilixencias consta como factor concurrente o da distracción. Achégase con elas fotografías do lugar onde tiveron lugar os feitos.

O artigo 38.4 do Real decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, establece que o rexime de parada e estacionamento en vías urbanas regúlase pola ordenanza municipal correspondente. A Ordenanza xeral de circulación do termo municipal de Vigo nos seus artigos 13.3 e 15.2 prohiben totalmente a parada e o estacionamento nas partes da vía reservadas para a utilización, servizo ou circulación de determinados usuarios, e polo tanto, nas zonas de viandantes.

Cuarto.- Consonte co anterior, apreciada a grave negligencia da solicitante ó estacionar o seu vehículo nunha zona non habilitada par elo, así como a concorrencia dunha distracción segundo a Policía Local, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade patrimonial, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e non indemnizábel.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Celestino Domínguez Aballe, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(118).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ANA ISABEL ÁLVAREZ FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1380/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Dona Ana Isabel Álvarez Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito*

con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello 5.1.2007 , no que expón que, o día 2.1.2007 , mentres camiñaba pola Cataluña de Vigo, a altura do núm. 30, sufriu unha caída tras tropezar nunha pequena focha, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Servizo de vías e obras de data 16.1.2007, no que indican que as fochas existentes na zana atópanse na calzada.
- Informe do Servizo da Policía local de data 25.1.2007, no que manifestan non teren constanza dos feitos denunciados.
- Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que os cuantifica en 1.917,30 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamanteen data 22.6.2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

*A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

*O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

*Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25.01.1974 ou 05.11.1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

*De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:*

- *O día 2.1.2007 a reclamante recibiu asistencia médica no Servizo de urxencias médicas do Hospital Nuestra Señora de Fátima por lesións que segundo o ditame médico solicitado ó efecto se valoran en 1.917,30 euros.*
- *Do accidente, non hai testemuñas directas, e a policía local tampouco acudiu ó lugar nin tivo coñecemento del.*
- *De conformidade co informado polo Servizo de vías e obras e fotografías que con éste informe se achegan, o lugar onde o reclamante di que caeu non corresponde á beirarrúa senón á calzada.*

*De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no día des lugar que el indica, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e o informe médico dous días posterior refírese a unha caída segundo refírese a paciente, polo que, como ten dito o Consello consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada. En todo caso resaltar que no suposto lugar da caída tampouco hai defecto ningún que xustificara responsabilidade do Concello.*

*En todo caso, segundo as súas manifestacións o accidente tivo lugar na calzada e non na beirarrúa, lugar non habilitado para os péons senón para a circulación de vehículos de conformidade co que dispón o artigo 10 da Ordenanza xeral de circulación do termo municipal de Vigo, neglixenza da reclamante que enlaza directamente co resultado lesivo producido e faría romper o nexo causal necesario.*

*Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona Ana Isabel Álvarez Fernández por unha caída ocorrida o día 2 de xaneiro de 2007 na rúa Cataluña de Vigo, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

### **22(119).- RECLAMACIÓN DE D. MARCOS ALONSO ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1217/243. DESESTIMADA.**

*Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:*

*Antecedentes:*

*Don Marcos Alonso Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de setembro de 2006 no que expón que o día 26 de marzo de 2006, o vehículo da súa propiedade, com matrícula 0360-DSF, cando se atiopaba estacionado na rúa, recibiu o impacto dun colector de lixo movido polo vento, causándolle danos materiais.*

*A reclamación sustánciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

*Parte do servizo da Policía Local, de data 26.3.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos (rúa Sagunto, núm. 77), o Sr. Alonso relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban os danos no vehículo e fan constar que era un día de forte vento.*

*Informe do Servizo de limpeza do Concello, de data 15.11.2006, indicando non teren máis constanza dos feitos reclamados do que xa consta no parte de servizo da Policía Local.*

*Informe do Parque Móbil, de data 30.11.2006, comunicando que os prezos contidos no presuposto núm. 27 de Maranello Motor S.L., presentado polo reclamante, por un importe de 747,62 euros IVE engadido, son correctos.*

*Evacuáse trámite de audiencia á U.T.E. Contenur-Otto, concesionaria da subministración e mantemento de colectores de lixo, que fai alegacións en data 13.12.2006.*

*Evacuáse trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do mservizo de limpeza e recollida do lixo, que fai alegacións en data 22.12.2006.*

*Evacuáse trámite de audiencia ó reclamante en data 11.1.2007, que non fai alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común :*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un perxuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza mayor.*

*Segundo.- O presunto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a recollida de lixo, aínda que os elementos para a prestación deste servizo son suministrados por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado.*

*En efecto, entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos, recolectores suministrados por un concesionario encargado do seu mantemento. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*Terceiro.- A carga da proba da existencia tanto dun dano avaliábel economicamente así como da súa conexión co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto legislativo 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). E así, á vista das actuacións seguidas no expediente, resulta que:*

- No parte do servizo da Policía Local que acudiu ó lugar a requirimento do condutor do vehículo, consta como o reclamante lles manifesta que os danos que tiña o vehículo foron debidos ó desprazamento dun colector de lixo.*
- Non obstante o anterior, non hai testemuñas presenciais do accidente, e tampouco consta no atestado policial que xunto ó vehículo se atopara un colector de lixo, senón que os policiais actuantes recollen as manifestacións do interesado e constatan uns danos no vehículo.*

*De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesado, de que os danos no seu vehículo ocorreron nas circunstancias que el indica, isto é a consecuencia dun colector que o*

vento desprazou, , por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e o atestado policial recolle as súas manifestacións e observa uns danos no vehículo, pero non constata a causa de ditos danos, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Polo exposto , proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Marcos Alonso Alonso por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(120).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. CRISTINA GÓMEZ SOTO CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 576/243. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 22.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES*

*Primeiro.- Dona Cristina Gómez Soto presenta en data 26.4.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos por unha caída a consecuencia dunha inundación na súa propiedade por mor dunha rotura dunha tubería de abastecemento público, e que lle foi notificada o 26.3.2007.*

*Segundo.- Do recurso interposto deúselle traslado á empresa concesionaria AQUALIA FCC, VIGO, U.T.E. , que fixo alegacións opoñéndose a el en data 13.8.2007.*

*Terceiro.- Practicouse así mesmo proba testemuñal á veciña identificada pola reclamante como testemuña directa dos feitos, e deúselle trámite de audiencia ós interesados no procedemento.*

#### *FUNDAMENTOS*

*Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).*

*Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que non está de acordo co manifestado polos empregados de AQUALIA por canto eles foron os que requiriron a súa presenza para que abrera a porta da súa bodega non persoándose de motu propio, atopándose nese intre en compañía dunha veciña que identifica que foi testemuña do ocorrido, e que a caída produxose ó abrir a porta a consecuencia da cantidade de auga que había dentro. Disente da fundamentación contida no fundamento terceiro xa que a limpeza da garaxe tiña finalizado e estando o garaxe limpo a interesada foi requerida para a apertura da súa bodega, e estima que neste caso concorren tódolos requisitos que a doutrina e xurisprudencia consideran esenciais para o recoñecemento do dereito.*

*Pola súa banda a empresa concesionaria AQUALIA FCC, VIGO, U.T.E., alega no expediente que asumiu plenamente as súas responsabilidades en relación cos sinistros procedendo á limpeza dos garaxes e á indemnización ós propietarios polos danos padecidos, entre os que se atopaba a propia reclamante, achegando ó efecto documentación acreditativa do pago dos danos á propia reclamante xunto con copia de finiquito de data 24.12.2004 na que ésta expresamente declara cumprida á concesionaria nas súas obrigas a consecuencia do sinistro con expresa renuncia de accións e dereitos, recoñecendo ó documento plenos efectos liberatorios sen*

reserva nin excepción. Achega tamén copia de escrito remitido pola reclamante e datado no 19.7.2004, data na que recibiu asistencia médica no Servizo de urxencias médicas do Hospital Xeral-Cies e no que ingresou ás 17:39 h, e no que relata que a esa data sufrira dúas caídas no garaxe e bodega solicitando indemnización por elas.

Terceiro.-Ningunha das alegacións da reclamante ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRPC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.

Da proba testemuñal practicada á veciña que a reclamante indicaba que estaba con ela e presenciou directamente os feitos resulta que sobre as 19 ou 20 horas do día 19.7.2004, cando a asistencia médica foi prestada no Servizo de urxencias ás 17:39 horas, atopándose a veciña na porta do ascensor por canto chegaba dunha viaxe, a viu acompañada dun señor chea de lodo, sen que a vera caer, queixándose ésta de dor na espalda en nun lateral ( a asistencia médica o foi por un esguince de xeonllo dereito), que contrariamente ó que indica a reclamante o garaxe estaba con moito lodo, chegando incluso éste ás rodas do seu vehículo, e os operarios foron ós dous ou tres días despois, e que a ela non lle requiriron para nada para a apertura da bodega.

En todo caso resulta acreditado no expediente que a reclamante foi indemnizada con 525 euros en data 24 de decembro de 2007 polos danos causados polo sinistro, asinando documento liberatorio da empresa concesionaria, facéndoo expresamente por tódolos conceptos sen reserva nin excepción con expresa renuncia de accións e dereitos.

Por todo o anterior resulta obrigado denegar o recurso de reposición interposto e confirmar a resolución que se recorre.

Carto.- Consonte co art. 116 da LRPC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Cristina Gómez Soto contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 5 de marzo de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por danos físicos a consecuencia dun sinistro na súa propiedade ocorrido o 19.4.2007, e confirmar integramente a mesma.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(121).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. IRIA ÁLVAREZ FREIRE CONTRA RESOLUCIÓN DA X. GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 738/243. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- Dona Iria Álvarez Freire presenta en data 31.5.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos causados a consecuencia dunha caída na rúa Cachamuiña o 30 de agosto de 2005, e que lle foi notificada o 4.5.2007.

#### **FUNDAMENTOS**

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma

establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

*Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que a interesada non se atopa de acordo coa motivación da resolución que se recorre por canto polas razóns que expón indica que non era de día e que no lugar apenas hai visibilidade xa que apenas hai alumeado.*

*Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.*

*En todo caso e contrariamente ó que di a reclamante, quen pudo facer estas manifestacións en trámite de audiencia á vista da proba testemuñal, o certo é que de conformidade con ésta practicada ás persoas que a propia reclamante propuxo, ambas manifestaron que no momento de aconteceren os feitos a visibilidade era normal no lugar, polo que procede confirmar a resolución que se recorre.*

*Terceiro.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.*

*Polo exposto, proponse á xunta de goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición intrerposto por dona Iria Álvarez Freire contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 16 de abril de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor dunha caída na rúa Cachamuiña o día 30 de agosto de 2005 e confirmala integramente.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(122).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA UTE CONTENUR OTTO CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1066/243. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*Primeiro.- A concesionaria U.T.E. CONTENUR-OTTO interpón o 31.10.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 8.10.2007, que lle foi notificada en data 29.10.2007 e que, estimando a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola Agrupación Mutualista Aseguradora no nome e representación de dona Maria Carolina Otero Alonso, declarou que a responsabilidade dos danos reclamados por mor dun colector de lixo movido polo vento lle correspondía, e tendo que indemnizar á reclamante na contía de 464 euros.*

*Segundo.- Do recurso interposto deúselle traslado á reclamante , que fixo alegacións opoñéndose a él mediante escrito de data 3.12.2007.*

#### **FUNDAMENTOS**

*Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).*

*Segundo.-*

*O recurso fundaméntase sintéticamente en: reitérase no contido dos seus anteriores escritos por canto di non*



hai proba ningunha dos feitos e que o colector contrariamente ó indicado no parte da Policía Local carece de freos, e que os colectores subministrados ó Concello están homologados e cumpren tódolos requisitos de estabilidade e seguridade, tamén que esa concesionaria non manipula a diario os colectores cosa que si fai outra concesionaria, e que o día dos feitos non existiron ráfagas de vento suficientes para empuxar o colector. A reclamante, pola súa banda sinala que as alegacións da U.T.E. CONTENUR-OTTO son manifestacións carentes de proba acreditativa ningunha, que presentou numerosa documentación acreditativa dos feitos como o reportaxe fotográfico que mostra o desprazamento do colector causante dos danos.

Ningunha das alegacións da reclamante ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LXPAC, e consta claramente no parte de servizo da Policía Local que acudiu ó lugar como o colector de lixo carecía de sistema de freado, polo que procede desestimar o recurso interposto e confirmar integramente a resolución que se impugna.

Terceiro.- Consonte co art. 116 da LXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

“Desestimar o recurso de reposición interposto pola U.T.E. CONTENUR-OTTO. contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data de 8 de outubro de 2007 que estimando a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola agrupación Automovilista Aseguradora no nome e representación de dona Maria Carolina Otero Alonso lle declarou responsabel dos danos padecidos no seu vehículo a consecuencia dun colector de lixo desprazado polo vento tendo que indemnizarlle na contía de 464 euros, e confirmar integramente a mesma”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **26(123).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS BOTAS SÁNCHEZ CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 999/243. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*Primeiro.- Dona M<sup>a</sup> Jesús Botas Sánchez presenta en data 9.10.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos por unha caída ocorrida o 29.6.2006 mentras camiñaba pola rúa Travesía de Vigo, e que lle foi notificada o 5.10.2007.*

*Segundo.- Do recurso interposto deúselle traslado á empresa concesionaria AQUALIA FCC, VIGO, U.T.E. , que fixo alegacións opoñéndose a el en data 9.11.2007.*

#### **FUNDAMENTOS**

*Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LXPAC).*

*Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que se disente da fundamentación da resolución que se recorre por canto se di que as baldosas se atopaban soltas e con aparencia de estar ben e colouse nelas, así como no se atopa de acordo coa fundamentación relativa á responsabilidade da concesionaria por canto a ela non lle afectan os contratos que teña o Concello de privatización de servizos públicos*

*Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto*

non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal. O certo é que non hai testemuñas presenciais da caída e se descoñecen as circunstancias nas que ésta tivo lugar, sendo a recorrente veciña do lugar e polo tanto perfectamente coñecedora deste, e que segundo informou o Servizo de vías e obras do Concello e claramente se observa nas fotografías que con este se acompañaban os defectos eran perfectamente visíbeis en condicións normais de circulación e tránsito contrariamente ó que a interesada di. Por outra banda, ó tratarse dun servizo público concedido, a Administración resulta obrigada a aplicar a lexislación vixente que como claramente se indicou na resolución recorrida impón ó concesionario a obriga de indemnizar os danos ocasionados polo funcionamento do servizo e á propia Administración a de dictar a resolución correspondente.

Terceiro.- Consonte co art. 116 da LXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición intrerposto por dona Maria Jesús Botas Sánchez contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 24 de setembro de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor dunha caída na vía pública, e confirmar integramente a mesma”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **27(124).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. CORONA RODRÍGUEZ RIAL CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 913/243. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- Dona Corona Rodríguez Rial presenta en data 28.11.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 5.11.2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos físicos causados a consecuencia dunha caída na rúa Fragoso o 23.1.2006.

#### **FUNDAMENTOS**

Primeiro.- Procede admitir a trámite o escrito que presenta dona Corona como recurso de reposición por canto se ben non o menciona así dedúcese do seu contido ese carácter, consonte preceptúa o art. 110.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, (LXPAC9, e se fai no tempo e na forma establecidos nos arts. 116 e 117 da mesma lei.

Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que a interesada non se atopa de acordo coa motivación da resolución que se recorre por canto ela caeu acudindo unha ambulancia e a policía ó lugar, e tivo que pagar a unha persoa para axudarlle a ela e a súa nai de 83 anos quen non se pode mover.

Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.

En todo caso, consonte se indica na resolución que se recorre, non só non hai probas de cómo tivo lugar a caída que a reclamante refire por canto non hai testemuñas presenciais dela, senón que no caso de caeren no lugar que ela refire e a consecuencia de defectos na vía non lle correspondería a este Concello responder dos danos senón a un terceiro, á empresa constructora Tecesor, polo que procede confirmar a resolución impugnada.

Terceiro.- Consonte co art. 116 da LXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local

ó tratarse do órgano que dictou a resolución que se recorre.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Corona Rodríguez Rial contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor dunha caída na rúa Fragoso o día 12 de xaneiro de 2006 e confirmala integramente”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **28(125).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. DANIEL TRELLES RODRÍGUEZ CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1055/243. DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.01.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES*

*Don Daniel Trelles Rodríguez presenta en data 6 de novembro de 2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos causados a consecuencia dun accidente de tráfico acaecido o 12 de maio de 2005 na confluencia do Camiño Sixtro co Camiño Roxo de Vigo, resolución que lle foi notificada o 22 de outubro de 2007.*

#### *FUNDAMENTOS*

*Primeiro.- Procedede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).*

*Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que estima contraria a dereito a resolución que se recorre por canto: da propia resolución recorrida infírese o anormal funcionamento dun servizo público por canto se recolle na resolución que a Policía Local observou no lugar unha arqueta coa tapa desprazada e que a relación de causalidade entre as lesións do reclamante é directa, inmediata e exclusiva sen que a estes efectos teñan valor as manifestacións do acompañante no atestado policial que carece dunha mínima eficacia probatoria, e que hai outros elementos no expediente como as manifestacións do recorrente e os danos, as lesións, e a mecánica do sinistro que deixan ás claras dita relación de causalidade efectuada.*

*Nos expedientes de responsabilidade patrimonial é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o interesado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de servizo. Nin na instancia nin nesta vía de recurso hai proba bastante ó efecto.*

*Ningunha das alegacións feitas ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal. O certo é que se ben é certo que según a Policía Local que acudiu con posterioridade ó lugar neste se atopaba unha arqueta coa súa tapa desprazada esto non proba en absoluto que o accidente tivera lugar a súa consecuencia sen que as manifestacións do recorrente teñan a estes efectos valor probatorio ningún nin tampouco os danos no seu vehículo que proban un accidente pero non a súa causa, e a única proba que a estes efectos tería algún valor é a testemuñal de quen lle acompañaba, a que non foi solicitada, pero o propio reclamante achegou escrito desta ó Xulgado no que claramente afirma que o accidente foi debido a un depide do condutor sen facer ningunha referencia a ningunha*

tapa de arqueta, polo que a única causa deste reside claramente na propia esfera de imputabilidade da vítima, resultando un accidente común.

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por don Daniel Trelles Rodríguez contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 1 de outubro de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor de lesións causadas nun accidente de tráfico na confluencia do Camiño Sixtro co Camiño Roxo de Vigo e confirmala integramente”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **29(126).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL SOBRE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS Á FUNCINARIA D<sup>a</sup>. MARTA NÚÑEZ ABOY. EXPTE. 18019/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 25.01.08, que di o seguinte:

Primeiro.- Encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de relativas á xestión da programación de artes escénicas e musicais da Unidade de Cultura á funcionaria municipal D<sup>a</sup> Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78.436, administrativa de admón xeral adscrita á Unidade de Cultura, motivada na circunstancia de que o funcionario técnico de actividades culturais que ata o momento prestaba os seus servizos no dito servizo foi trasladado á Área de Servizos Xerais.

A presente encomenda ten carácter provisional ata a cobertura do posto de traballo de técnico de actividades culturais que no seu momento quede vacante, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de administrativo de admón. Xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.

Segundo.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado á interesada, xefes/as dos servizos correspondentes e concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal (Organización e Métodos) así como ao Comité de Persoal.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **30(127).- GASTO DE LOCOMOCIÓN DE DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 18014/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 22.01.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a

Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 13.02,44€ correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, OSPIO-Vias e Obras-Control Concesionarias, Seguridade, Educación, Participación Cidadá, Benestar Social, Cemiterios, Parque Móbil, Museo Quiñones de León, Conserxería, Montes, Parques e Xardíns, Inspección de Tributos, Sanidade e Patrimonio e Contratación con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servicio	Total
4420	Limpeza	651,27
5110	OSPIO-Vias e Obras-Control Concesionarias	5.063,73
2220	Mobilidade e Seguridade	1.064,00
4220	Educación	734,16
4631	Participación Cidadá	156,58
3130	Benestar Social	62,98
4430	Cemiterios	183,16
1212	Parque Móbil	444,21
4513	Museo Quiñones de León	27,36
4120	Sanidade	353,40
1210	Conserxería	916,37
6110	Inspección Tributos	2.836,13
1216	Patrimonio	226,29
4326	Parques e Xardíns	307,80
	TOTAL	13.027,44

**31(128).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN SOBRE REDUCCIÓN DE XORNADA DE EMPREGADAS MUNICIPAIS. EXPTE. 18017/220.**

Dáse conta das resolucións do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sobre redución de xornada, que din o seguinte:

Resolución do 23.01.08.

*“Autoriza-la redución de xornada de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cristina Costas Arán, n<sup>o</sup> persoal 23432, auxiliar administrativa adscrita á Administración de Tributos (IBI), nunha hora e media ó inicio da xornada, quedando establecida a súa xornada laboral de 9,15 a 15,00 horas a partir do día 1 de marzo de 2008, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 48.1.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público”*

Resolución do 24.01.08.

*“Modificar a resolución de data 23 de xaneiro de 2008, autorizando unha redución de xornada a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cristina Costas Arán, núm. persoal 23432, auxiliar administrativa adscrita á Administración de Tributos (IBI) nunha hora ó inicio da xornada, quedando establecida a súa xornada laboral de 8,45 a 15,00 horas, a partir do día 1 de marzo de 2008, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 48.1.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público”.*

Resolución de data 24.01.08.

“Autoriza-la redución de xornada de D<sup>a</sup> Angelica Rodríguez Bartomeu, nº persoal 22036, Xefa de Negociado Administración de Tributos, adscrita a dito Servizo, nunha hora e media ó inicio da xornada, quedando establecida a súa xornada laboral de 9,15 a 15,00 horas no período comprendido entre o 1 de febreiro e o 30 de maio de 2008, coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no art. 48.1.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **32(129).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D<sup>a</sup>. YOLANDA AGUIAR CASTRO EN EXECUCIÓN DA SENTENZA Nº 109/2007 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. EXPTE. 17984/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 20., da xefa da Unidade de Persoal, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### *Antecedentes*

O Xulgado do Contencioso administrativo nº1 de Vigo dictou Sentenza nº 109/2007 en data 23 de abril de 2007 (procedemento abreviado 253/06), na cal se condenou ao Concello de Vigo ao aboamento das cantidades adeudadas en concepto de complemento de produtividade nos anos comprendidos entre 2002 a 2005 á funcionaria D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, técnica de relacións públicas adscrita ao Servizo de Comercio e Turismo e que na actualidade se atopa na situación administrativa de servizos especiais declarada por Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 26/07/2005. As cantidades a aboar, segundo declara a dita resolución xudicial no propio fallo, se determinarán en execución de sentenza.

Por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 3 de xaneiro de 2001 designouse á reclamante Coordinadora das Áreas de Industria, Comercio e Turismo; dado que o concreto posto de traballo non constaba como tal na RPT do Concello vixente naquel momento, acordouse a asignación dun complemento de produtividade, que percibiu a interesada trimestralmente unicamente durante o ano 2001, deixándoas de percibir nos anos 2002 a 2005 (neste derradeiro ano corresponderíalle unicamente o aboamento ata o 20 de xullo do 2005, data dos efectos da situación administrativa de servizos especiais).

Solicitada a execución da sentenza en vía administrativa pola funcionaria D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro en escrito de data 26/10/2007 (documento nº 70119839), emítase informe pola Técnica de Recursos Humanos con datas 30 de outubro e 27 de novembro de 2007, en relación co cálculo das cantidades que debería percibir a funcionaria; no primeiro deles sen incremento da porcentaxe anual, e no segundo as mesmas cantidades co incremento sinalado para as retribucións dos funcionarios nos Presupostos Xerais do Estado para os respectivos anos, resultando as seguintes cantidades:

Ano	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre	4º trimestre	Total
2002	1.201,54	1.134,82	I.L.T.	I.L.T.	2.336,36
2003	I.L.T.	667,32	1.225,57	1.225,57	3.118,46
2004	1.250,08	1.250,08	1.250,08	1.097,32	4.847,57
2005	382,56	1.275,08	283,38		1.941,03
				TOTAL	12.243,42

#### *Fundamentación xurídica*

I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignen; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder

Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

A vixente Constitución Española de 1978 contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumprilas sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requerida por éstes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto.

II. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos proviñentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 05/07/2007, parece claro que, tendo por obxecto o fallo da sentenza o aboamento dun complemento de produtividade, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127.1.h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modrnización do Goberno Local, toda vez que se trata de retribucións do persoal municipal.

Consecuentemente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, previa fiscalización que realice a Intervención Xeral, a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Proceder á efectiva execución da Sentenza nº 109/2007, do 23 de abril, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 253/06, estimatoria parcial condenou ao Concello de Vigo ao aboamento das cantidades adeudadas en concepto de complemento de produtividade nos anos comprendidos entre 2002 a 2005 á funcionaria D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, a petición da mesma en vía administrativa instada mediante escrito de data 26/10/2007 (documento nº 70119839).

Segundo.- Prestar conformidade ao cálculo efectuado pola técnica de Recursos Humanos da Unidade de Persoal en informe de datas 30 de outubro e 27 de novembro de 2007, en relación co cálculo das cantidades que debería percibir a funcionaria, declarando a procedencia do aboamento a D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro das cantidades resultantes que a continuación se sinalan:

Ano	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre	4º trimestre	Total
2002	1.201,54	1.134,82	I.L.T.	I.L.T.	2.336,36
2003	I.L.T.	667,32	1.225,57	1.225,57	3.118,46
2004	1.250,08	1.250,08	1.250,08	1.097,32	4.847,57
2005	382,56	1.275,08	283,38		1.941,03
				TOTAL	12.243,42

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 Vigo ós oportunos efectos en relación coa sentenza que se executa, notificando asemade o mesmo á reclamante, Asesoría Xurídica, Unidade de Persoal (Organización e Métodos) e Intervención Xeral aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**33(130).- ALLEAMENTO POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO DO APROVEITAMENTO MUNICIPAL ENTRE AS RÚAS SAN XOAN E PADRE CELSO. EXPTE. 4788/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo coa proposta, de 23.01.07, conformado pola xerente municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Adxudicar o contrato administrativo especial tramitado pola oficina de planeamento e xestión da Xerencia municipal de urbanismo baixo o expediente 4788/401 á empresa “Cologa Vigo, S.L.”, consistente no alleamento de dous lotes nos que o Concello dispoñe dunha participación en proindiviso de dúas parcelas sitas no polígono delimitado entre as rúas San Xoán e Padre Celso. O prezo de adxudicación é o de 47.103,801 € para o lote 1 e 248.584,206 € para o lote 2, importes ós que haberá que engadir o IVE correspondente.

2.- Comunicar o acordo que se adopte ó adxudicatario informando que deberá constituir unha garantía definitiva por importe do 4 % de acordo co establecido no punto 14.1 do prego de cláusulas. Así mesmo, deberá efectuar o pago do prezo e concorrer á formalización da escritura pública nos prazos e condicións establecidos nos puntos 14.2 e 14.3 do prego de cláusulas administrativas.

3.- O acordo que se adopte, é susceptible de ser recurrido ante esta mesma Administración en reposición no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**34(131).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DOS PROXECTOS DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DO MERCADO DE TEIS (RÚA SANJURJO BADÍA FASE 1ª) E ENTORNO BALAIÓDOS (RÚA EUGENIO KRAFT). EXPTE. 54353/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 2.01.08, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, a concelleira delegada de dita Área e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sin publicidade da redacción dos proxectos de humanización seguintes: Entorno do Mercado de Teis; Rúa Sanjurjo Badía. Fase 1 e entorno Balaídos ( rúa Eugenio Kraff ).

2º.- Autorizar o gasto para a contratación da asistencia técnica para a redacción de ditos proxectos por importe máximo de 25.000,00 € e con cargo á partida 5110.611.00.09 do orzamento 2008.

3º.- Abrir o procedemento negociado sin publicidade invitando a tres empresas como mínimo a participar na negociación. O contrato non será adxudicado ata que exista crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó gasto, que deberá ser fiscalizado pola Intervención Xeral.

**35(132).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DOS PROXECTOS DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DE POVISA (FASE 1ª) E ENTORNO BALAIÓDOS (RÚA EUGENIO KRAFT).**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 2.01.08, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, a concelleira



delegada de dita Área e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sin publicidade da redacción dos proxectos de humanización das rúas do entorno de Povisa. Fase I ( rúas: Zaragoza entre A. Cunqueiro e Tarragona; Barcelona entre Regueiro e Tarragona; Zamora entre Regueiro e Tarragona e Tarragona entre P. Colmeiro e Gran Vía ).

2º.- Autorizar o gasto para a contratación da asistencia técnica para a redacción de ditos proxectos por importe máximo de 29.000,00 € e con cargo á partida 5110.611.00.04 do orzamento 2008

3º.- Abrir o procedemento negociado sin publicidade invitando a tres empresas como mínimo a participar na negociación.

**36(133).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE HUMANIZACIÓN: ENTORNO CALVARIO, FASE 1ª; BARRIO DE BOUZAS, FASE 2ª; AVDA. EUROPA., FASE 1 E RÚA ESPERANTO. EXPTE. 54069/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 5.12.08, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, a concelleira delegada de dita Área e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a seguinte proposta, facendo constar que en todo o expediente, onde di Avda. de Europa debe dicir Avda. Castelao:

1º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sin publicidade da redacción dos proxectos de humanización das rúas das zona seguintes: Entorno Calvario.Fase I ( rúas : Sagunto entre Urzaiz e Palencia e Cataluña entre Urzáiz e J. de la Fuente ); Bº de Bouzas. Fase I ( Almda. Angel Llanos ), Avda Castelao . Fase I e rúa Esperanto

2º.- Autoriza-lo gasto para a contratación da asistencia técnica para a redacción de ditos proxectos por importe máximo de 30.000,00 € e con cargo á partida 5110 611 00 05 do orzamento 2008

3º.- Autoriza-la tramitación do expediente como anticipado de gasto e comprometerse a incluír nos orzamentos do exercicio 2008 o crédito necesario para facer fronte ós gastos do contrato.

4º.- Abri-lo procedemento negociado sin publicidade invitando a tres empresas como mínimo a participar na negociación. O contrato non será adxudicado ata que exista crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó gasto, que deberá ser fiscalizado pola Intervención Xeral.

**37(134).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A GRÚAS DONIZ S.A. POLO PERMISO DE CIRCULACIÓN Á RÚA ECUADOR, 35. EXPTE. 53499/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 23.01.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data de entrada no Rexistro Xeral de 7 de setembro de 2007 e número de documento 70099620, TRANSPORTES ESPECIALES DONIZ, SA (CIF: A-36611622) solicita a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal con data 30/07/2007, número de operación 200700046513 do concepto non orzamentario 70200 e importe de 3.000,00 €, motivado polo permiso de circulación a r/ Ecuador, 35.*

*No informe de inspección de data 19 de decembro de 2007, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se PROPÓN:*

*Proceder á devolución da fianza de (3.000,00 € – tres mil euros), a favor de GRÚAS DONIZ, SA.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **38(135).- PRÓRROGA DO CONTRATO DUNHA OFICIALA DESINFECTORA POR UN PERÍODO DE TRES MESES. EXPTE. 17339/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 24.01.08, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prórroga do contrato laboral-temporal, por un periodo de tres meses, coa categoría de Oficiala Desinfectora, a dona Mª Salomé Araujo Rodríguez .

2º.- Percibirá como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extra e vacacións do posto de traballo oficiala desinfectora, cod. do posto : 240, e cod. do servizo: 313.

3º.- A modalidade contractual sigue sendo, - contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose de actividade normal, (art. 15.1 do Estatuto de Traballadores e art. 1 e 3.1. do RD 2720/1998, de 18 de decembro), autorízase dita prórroga, sen prexuízo do disposto no artigo 15.5 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006) en canto á prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais.

#### **39(136).- SOLICITUDE DE PRÓRROGA PARA DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E SERVIZOS EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS CO PLAN DE GALICIA SOBRE DROGAS- ANO 2008. EXPTE. 28345/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 1.02.08, conformado polo xefe e a concelleira da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

*De conformidade co disposto na Orde da Consellería de Sanidade, de 25 de abril de 1994, pola que se regula o establecemento de convenios de cooperación entre a Consellería e as Corporacións Locais para o desenvolvemento de programas e servizos en materia de drogodependencias, procede a instrución do expediente oportuno que posibilite a prórroga anual do citado convenio, que ven condicionada polo cumprimento dos requisitos ou compromisos asumidos, de acordo co seu artigo 8º.*

*Cumpridos os compromisos no sentido de non terse modificado as directrices do programa e as actividades conveniadas e ó obxecto de solicitar para o ano 2008 a prórroga correspondente, coas actualizacións posibles, a propia Consellería de Sanidade solicita a remisión da documentación que se achega, así como acordo da Xunta de Goberno Local en tal sentido.*

*Polo exposto, á Xunta de Goberno Local propónse a adopción do seguinte acordo:*

*“Presta-la conformidade ao desenvolvemento dos programas e servizos que, en materia de drogodependencias non alcohólicas, realizará o Concello para o ano 2008 no marco do Plan Autonómico sobre Drogodependencias por parte da Unidade Asistencial “CEDRO”, solicitándose a prórroga do convenio vixente no ano 2007.”*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **40(137).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A TENENCIA DE ALCALDÍA DO CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE SERVIZOS HÍPICOS HIPIGAL S.L. PARA A ORGANIZACIÓN DUN PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA CIDADE. EXPTE. 153/107.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, de 1.02.08, conformado polo tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: aprobar o texto do convenio, entre o Concello de Vigo e Servizos Hípicos Hipigal SL, para a organización proxectos de promoción da cidade e da hípica e de interes do Concello de Vigo, como son o “Gran premio Cidade de Vigo de Hípica” e o “bautismo hípico”, de forma complementaria a celebración do Concurso Hípico Internaional CSI - Copa do Mundo de Hípica 2008, que se vai desenvolver os días 7-10 de febreiro e que se achega con este expediente, cunha aportación dende Tenencia de Alcaldía de 50.000,00 €, con carga a partida 1112.227.06.02 do xivente orzamento.

Segundo: aprobar e dispoñer do gasto de 50.000,00 € con cargo á partida:

- “1112.227.06.02 Convenio e programas Tenencia de Alcaldía”, por importe de 50.000,00 €. a favor de Servizos Hípicos Hipigal SL con CIF: B-36873354 e con enderezo social na Avda del Aeroporto 772 – Vigo 36318. O pagamento realizarase na conta de 2091 0511 35 3040028470.

Terceiro: Habilitar o Tenente de Alcalde, D. Santiago Domínguez Olveira, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E “SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL, SL” PARA O CONCURSO HÍPICO INTERNACIONAL DE SALTOS DE VIGO CSI (COPA DO MUNDO DE HIPICA), A CELEBRAR DO 07-10 DE FEBREIRO DE 2008.

No Concello de Vigo, con data \_\_\_\_\_ de 2008.

Por parte do Concello de Vigo:

- O Tenente de Alcalde do Concello de Vigo Don Santiago Dominguez Oliveira.

En nome e representación de “Servicios Hípicos Hipigal”: Don Manuel María Fernández de Sousa-Faro con DNI 1385544R.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio.

MANIFESTAN:

Que en aras do interese Deportivo e social que para a cidade de Vigo ten a realización dos Concursos Hípicos Internacionais que con grande éxito vense celebrando dende principios do século pasado, o Excmo. Concello de Vigo e a Entidade “Servicios Hípicos Hipigal, SL” conveñen a realización do mesmo durante os vindeiros días 7-10 de febreiro do 2008, cos seguintes proxectos: CSI-Internacional cun Gran Premio Cidade de Vigo, e organización do bautismo hípico, nos seguintes termos:

PRESCRICIÓN:

Primeira: O presente convenio queda suxeito as cláusulas establecidas xá que o obxecto do mesmo on se atopan comprendido nos contratos regulados no TRLCAP, polo que e de aplicación o artigo 3.1.d) e 2 deste texto, de acordo o cal o convenio que nos acupa queda fora do seu ámbito e se rexerá polas súas normas especiais.

Segunda: O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

1. Autorizar a organización do “Gran premio Cidade de Vigo de Hípica” e o programa “Bautismo Hípico” dentro do programa do CSI\_ Copa do Mundo 2008 que organiza “Servicios Hípicos Hipigal, SL.” para a celebración do mesmo os días 07-10 de Febreiro do 2008.
2. Facer o aboamento a “Servicios Hípicos Hipigal, S.L.” dos gastos relacionados coa organización do Gran Premio Cidade de Vigo de Hípica e as actividades de bautismo Hípico por un importe de 50.000,00 € con cargo á partida: 1112.227.06.02 “Convenios e Programas da Tenencia de alcaldía”
3. Previo ao aboamento o Servizo de Deportes, emitirá unha certificación sobre o desenvolvemento da actividade, e Servicios Hípicos Hipigal SL, xustificará documentalmente o total dos 50.000,00€ pola organización específica do Gran Premio Cidade de Vigo de Hípica e as actividades do bautismo Hípico.

Terceira: “Servicios Hípicos Hipigal, S.L.” asume as seguintes obrigas:

1. Organizar o Gran Premio Cidade de Vigo de Hípica e as actividades de Bautismos hípicos, dentro do programa Concurso Hípico de Saltos Internacional CSI-Copa do Mundo de Hípica, nas datas do 07-10 de febreiro do 2008.
2. Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil, en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.
3. Facilitar o acceso a persoas con minusvalías físicas ao Recinto Ferial, tendo en conta a gratuidade para dito colectivo.
4. Todos os medios de promoción e difusión deberán empregar o galego como idioma cooficial do Concurso Hípico.

5. *En todas as actividades que se desenvolvan dentro do Concurso Hípico, con independencia do patrocinio da actividade concreta de que se trate, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Tenencia de Alcadia, Concelleria de Cultura, Concelleria de deportes -Concello de Vigo.*

Cuarta: *O seguimento da execución do presente convenio será realizado pola Tenencia de Alcadia, comprometéndose “Servicios Hípicos Hipigal, SL” a xustificar debidamente ante as mesmas os gastos efectuados para a realización do referido Gran Premio Cidade de Vigo e Bautismo Hípico.*

*A Tenencia de Alcadia aportará, no seu eido competencial, os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.*

*O Tenente de Alcalde, queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste Convenio, no ámbito de responsabilidade de cada servizo.*

Quinta *O prazo do convenio será única e exclusivamente para a realización do Concurso Hípico Internacional de Saltos de Vigo – Copa do Mundo- 2008.*

Sexta: *A xustificación da aportación económica do presente convenio ervicios Hípicos Hipigal, S.L., deberá presentar a seguinte documentación:*

1.- *Memoria xustificativa da realización dos proxecto de promoción que son obxecto do presente convenio; “Gran Premio Concello de Vigo” e “Bautismo Hípico.*

2.- *Memoria justificativa dos gastos realizados en relación as actividades mencionadas e polo importe da cuantía recibida. Estes gastos poderán ser xustificados a través de facturas orixinais ou tamén atendendo á especificidade desta actividade, aqueles gastos relacionados con xuíces, premios, dietas, taxas oficiais das federacións deportivas, se as houbera, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de xuíces, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento dos participantes, etc.) emitidos pola entidade organizadora e responsables dos gastos, que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*Tras a presentación destas memórias, que deberán realizarse no prazo máximo de tres meses dende a finalización da actividade realizada, o Coordinador da Tenencia de Alcadia, procederá a emitir un certificado sobre a realización do evento e de conformidade coas momorias, previa ao pagamento de 50.000,00€*

*Así o conveñen no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado o presente documento.*

**41(138).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SERVIZOS HÍPICOS HIPIGAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO HÍPICO INTERNACIONAL-COPA DO MUNDO DE HÍPICA. EXPTE. 7623/333.**

*A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.*

*Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.01.08 e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral de tenencia de Alcadía e director deportivo do IMD, do 1.02.08, conformado polo concelleiro de Deportes e o concelleiro de Cultura e Animación Socio-Cultural, a Xunta de Goberno local acorda:*

Primeiro: *aprobar a concesión directa desta subvención, a Servicios Hípicos Hipigal SL, consonte co previsto no artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións en relación as partidas de:*

“4521.470. 00 01 Convenio Hipigal”, por importe de 190.000,00 €.

“4512.470.00.00 Transferencias empresas privadas”, por importe de 16.000,00 €.

Segundo: aprobar o texto do convenio, entre o Concello de Vigo e Servicios Hípicos Hipigal SL, para a celebración do Concurso Hípico Internacional CSI - Copa do Mundo de Hípica 2008, que se vai desenvolver os días 7-10 de febreiro e que se achega con este expediente.

Terceiro: aprobar e dispoñer do gasto de 206.000 € con cargo ás partidas:

“4521.470. 00 01 Convenio Hipigal”, por importe de 190.000,00 €.

“4512.470.00.00 Transferencias empresas privadas”, por importe de 16.000,00 €

a favor de Servicios Hípicos Hipigal SL con CIF: B-36873354 e con enderezo social na Avda del Aeroporto 772 – Vigo 36318. O pagamento realizarase na conta de 2091 0511 35 3040028470.

Cuarto: habilitar aos Concelleiros de Deportes e Animación Socio-cultural do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez e D. Xesús López Carreira, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E “SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL. SL” PARA O CONCURSO HÍPICO INTERNACIONAL DE SALTOS DE VIGO CSI (COPA DO MUNDO DE HIPICA). A CELEBRAR DO 07-10 DE FEBREIRO DE 2008.

No Concello de Vigo, con data \_\_\_\_\_ de 2008.

Por parte do Concello de Vigo:

- o O Concelleiro-delegado de Deportes Don Francisco Xabier Alonso Pérez.
- o O Concelleiro-delegado de Cultura e Animación Socio-cultural, Don Xesús López Carreira.

En nome e representación de “Servicios Hípicos Hipigal, S.L.”: Don Manuel María Fernández de Sousa-Faro con DNI 1385544R.

*Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio.*

MANIFESTAN:

*Que en aras do interese Deportivo e social que para a cidade de Vigo ten a realización dos Concursos Hípicos Internacionais que con grande éxito vense celebrando dende principios do século pasado, o Excmo. Concello de Vigo e a Entidade “Servicios Hípicos Hipigal, SL” conveñen a realización do mesmo durante os vindeiros días 7-10 de febreiro do 2008, cos seguintes proxectos: CSI-Internacional, organización da proba do Campionato do Mundo de Hípica e celebración de actos folclóricos e culturais tradicionais galegos nos seguintes termos:*

PRESCRICIÓN:

*Primeira: A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme ao establecido no artigo 27 da*

LSG.

Servicios Hípicos Hipigal, SL para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG.

Segunda: O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

- Autorizar a organización do Concurso Hípico Internacional de Vigo- Copa do Mundo de Hípica, a “Servicios Hípicos Hipigal, SL.” para a celebración do mesmo os días 07-10 de Febreiro do 2008.
- Colaborar na xestión coa Fundación IFEVI do recinto Feiral de Cotogrande a cesión das instalacións do mesmo recinto Feiral para a celebración do Concurso Hípico CSI –Copa do Mundo- do ano 2008 durante as datas necesarias para as labores de preparación, celebración e desmontaxe de todos os requirimentos do concurso hípico.
- Colaborar na financiación do CSI-Copa do Mundo do ano 2008 a través da subvención a “Servicios Hípicos Hipigal, SL” en relación os gastos para a organización e o desenvolvemento do concurso hípico CSI – Copa do Mundo de Hípica, por unha cantidade de 190.000,00€ con cargo á partida - 4521 470 00 01 Convenio Hipigal -do orzamento en vigor da concellaría de Deportes e de 16.000,00 € con cargo á partida 4212.470.00.00, en concepto de realización de actividades de animación socio-cultural galegas, paralelas ao Concurso, que se recollen no Anexo I.
- Previo ao aboamento o Servizo de Deportes, emitirá unha certificación sobre o desenvolvemento da actividade, e Servicios Hípicos Hipigal SL, xustificará documentalmente 190.000,00 € gastos xerais organización CSI-Copa do Mundo de Hípica, 16.000,00€ en relación os gastos correspondentes de animación socio-cultural a traves de eventos culturais focloricos.

Terceira: “Servicios Hípicos Hipigal, S.L.” asume as seguintes obrigas:

- a) Organizar o Concurso Hípico de Saltos Internacional CSI-Copa do Mundo de Hípica, nas datas do 07-10 de febreiro do 2008.
- b) Xestionar a explotación dunha área para o servicios de bares e cafeterías, dentro do recinto ferial como complemento e servizo ao público asistente ao concurso hípico.
- c) Asumir o compromiso asignado coa Fundación IFEVI, xestora do Recinto Feiral, sobre a utilización do recinto Feiral de Cotogrande.
- d) Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil, en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.
- e) Facilitar o acceso a persoas con minusvalías físicas ao Recinto Ferial, tendo en conta a gratuidade para dito colectivo.
- f) Todos os medios de promoción e difusión deberán empregar o galego como idioma cooficial do Concurso Hípico.
- g) En todas as actividades que se desenvolvan dentro do Concurso Hípico, con independencia do patrocinio da actividade concreta de que se trate, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Tenencia de Alcaldía, Concellería de Cultura, Concellería de deportes -Concello de Vigo.

Cuarta: O seguimento da execución do presente convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, en canto á realización da actividade deportiva e pola Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural, no tocante á realización de actividades complementarias de índole cultural, comprometéndose “Servicios Hípicos Hipigal, SL” a xustificar individualmente ante as mesmas os gastos efectuados para a realización do referido Concurso Hípico Internacional –Copa do Mundo 2008- e as

*actividades de animación cultural galega.*

*As Concellerías de Deportes e Animación Sociocultural, aportarán, cada unha no seu eido competencial, os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.*

*Os Concelleiros de Deportes e Animación Sociocultural, quedan facultados para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste Convenio, no ámbito de responsabilidade de cada servizo.*

*Quinta O prazo do convenio será única e exclusivamente para a realización do Concurso Hípico Internacional de Saltos de Vigo – Copa do Mundo- 2008.*

*Sexta: Así mesmo acordan que tódolos ingresos derivados de: venda de entradas, apostas, matriculas, alugamentos, así como calquera outro ingreso proveniente do referido Concurso Hípico, serán percibidos en beneficio de “Servicios Hípicos Hipical, S.L.” para sufragar os gastos do concurso e como compensación os servizos prestados o Excmo. Concello de Vigo, sen que teña nada que reclamar por ningún concepto.*

*Setima: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da LSG.*

*Oitava: Servicios Hípicos Hipical SL deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización do Concurso Hípico Internacional de Saltos de Vigo (Copa do Mundo de Hípica, 2008)*

*Novena: A xustificación da subvención farase por parte do beneficiario en forma de conta xustificativa, e de forma individualizada en base as dúas aportación definidas neste convenio, segundo o previsto no artigo 28 da LSG, acreditándose os gastos realizados mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente.*

*En atención á especificidade desta actividade, aqueles gastos relacionados con xuíces, premios, dietas, taxas oficiais das federacións deportivas, se as houbera, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de xuíces, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento dos participantes, etc.) emitidos pola entidade organizadora e responsables dos gastos, que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*A Conta Xustificativa a que se refiére o parágrafo anterior, deberá incluír unha declaración das actividades realizadas que teñan sido financiadas coa subvención, así como o seu custo, co desglose de cada un dos gastos incurridos. Asemade, xunto coa xustificación deberá achegarse declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades subvencionadas neste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.*

*Tras a presentación da conta, que deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende a finalización da actividade realizada, se, procederá a emitir un certificado sobre a realización do evento e de conformidade coa conta xustificativa por parte do Xefe do Servizo de Deportes previa ao pagamento dos 190.000,00 €, e o Xefe do Servizo de Animación Socio-cultural en relación aos 16.000,00 € que subvencionan a parte correspondente a actividades de Animación Sociocultural.*

*Así o conveñen no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado o presente documento.*

**42(139).- ENTREGA AO CONCELLO DO “ENLACE PTL- CTRA. DO FOXO-SEGUNDO CINTO”. EXPTE. 54655/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de



referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 1.02.08, conformado polo asesor xurídico da Área e a concelleira delegada da mesma, que di o seguinte:

*Con data 10 de xaneiro pasado o Consorcio da Zona Franca de Vigo remitiu escrito ao Concello ao través do seu Rexistro Xeral, achegando a documentación necesaria para a recepción polo mesmo das obras de execución do proxecto de construción “ Conexión do Parque Tecnolóxico e Loxístico (PTL) co segundo Cinto de Vigo en Valadares “ e do “proxecto complementario nº1” que unha vez finalizadas foron recibidas por dito organismo con datas 20 e 30 de agosto de 2007.*

*En relación con dita solicitude emítese o seguinte informe:*

*1º.- No Plan Parcial no seu día aprobado , concretamente na súa Memoria, consta : ” por iniciativa do Concello de Vigo e financiada polo Consorcio da Zona Franca realizarase a rotonda de acceso norte na Ctra. do Foxo e o vial de conexión... “ así mesmo no Plan Xeral aprobado provisionalmente pola Corporación e pendente de aprobación definitiva pola Xunta os viais en cuestión contan coa consideración de “sistemas xerais” polo que é indudable a necesidade da recepción desta obra para a súa inclusión no viario municipal.*

*2º.- Con data 22 de xaneiro de 2008 o Director dos Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo informa favorablemente o expediente, aunque como no modelo de Acta de recepción que remiten atribúense ao Concello as xestións necesarias para a apertura ao tráfico dos ditos ramais, considera que debería acreditarse que as obras foron executadas cumprindo as condicións impostas pola Dirección General de Carreteras del Ministerio de Fomento na súa autorización de data 3 de abril de 2003, obrante no expediente.*

*Por isto requiriuse ao Consorcio para que obtivera o preceptivo informe, ao efecto, de dito Ministerio. Dito Organismo remitiu ao Concello informe do Sr. Ingeniero Jefe del Área de Planeamiento Proyectos y Obras de la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia de data 28 de xaneiro pasado en que consta que ditas obras cumpren as condicións impostas na referida autorización de 3 de abril de 2003.*

*3º.- Con data 25 de xaneiro de 2008 o Sr. Xefe da Área de Mobilidade , Transportes e Seguridade do Concello tamén informa favorablemente o expediente.*

*4º.- Por isto non existe, a xuízo dos que subscriben, inconveniente algún para a recepción dos viais, a súa apertura ao tráfico e a súa conexión co Segundo Cinto. Tamén consideramos que non se precisa dunha nova autorización do Ministerio de Fomento senon que bastaría cunha comunicación á Dirección Xeral de Carreteras coa suficiente antelación, pois trátase dunha obra executada con dita finalidade e autorizada pola Dirección General de Carreteras o 3 de abril de 2003 en base a unhas condicións que se cumpriron na súa totalidade.*

*5º.- A competencia para a recepción corresponde á Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto no artigo 127.1.f) da Lei 7/1985 de 2 de abril .*

*Por isto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*1º.-Recibir as obras executadas polo Consorcio da Zona Franca segundo o proxecto de construción “ conexión do Parque Tecnolóxico e Loxístico (PTL) co segundo Cinto en Valadares” e do seu “ proxecto complementario nº 1 “ .*

*Para instrumentar a dita recepción préstase conformidade ao Acta proposta polo Consorcio da Zona Franca, salvo no que se refire á data que deberá ser a deste acordo ou posterior.*

*2º.-Unha vez recibidas as obras comunicarase á Dirección General de Carreteras del Ministerio de Fomento a data de apertura dos ramais que conectan a VG-20 ( segundo cinto ) co Parque Tecnolóxico e Loxístico, coa debida antelación.*

3º.-Por último, o expediente remitirase á Área de Xestión Municipal, Servizo de Patrimonio, para inclusión dos viais no Inventario de Bens e Dereitos.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **43(140).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL, AGOSTO-SETEMBRO 2007. EXPTE. 18003/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 31.01.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 29.01.098, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de AGOSTO-SETEMBRO-2007, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Servizo de Extinción de Incendios, relación que se achega no expediente e que comezan por Don Carlos Abalde Fernández e remata por don Alberto Villar Gutiérrez, por un total de 2.640'00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Constante Alonso Caride e rematan por don José Luis Pérez Costas, por un total de 1.577'15 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Amador Alvarez Bernardezremata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 779'15 horas.
- Parque Central, relación que se achega no expediente e que comeza por don Guillermo Abelleira Porrúa e remata por don José Antonio Rodríguez Souto, por un total de 229'00 horas.
- Inspección de Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don Ricardo Lobato Cameselle e remata por don Ventura Oujo Gerut, por un total de 58'00 horas.
- Oficina Supervisora de Proxectos e Inspección de Obras, relación que se achega no expediente e que comezan por don José Eugenio Matilde Viñas e rematan por don Angel Ferro Mancho, por un total de 48'00 horas.
- Desinfección, relación que se achega no expediente e que comezan por don Avelino Pardellas Avión e remata por don José Ramón Seijas Alvarez, por un total de 243'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 374'00 horas.
- Conserxería, relacións que se achegan no expediente e que comezan por Dona M<sup>a</sup> Teresa Vaqueiro Herbello e rematan por D. Amando Diz Ocampo, por un total de 72'00 horas.

- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expediente e que comeza por don Francisco Santiago Dacosta e remata por don Manuel Balado Gómez, por un total de 1.182'30 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 60.004,52 € (SESENTA MIL CATRO EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS).

**44(141).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.